



*A linguaxe de*  
**ARGEN**

LINGUAXE MUSICAL  
4ºGE

*Iria Portas*  
*Marcos Padrón*

# Índice

## **1. *Introdución***

**1.1. *Destinatarios***

**1.2. *Breve resumo***

**1.3. *Fundamentación legal***

## **2. *Competencias clave***

## **3. *Obxectivos***

**3.1. *Xerais***

**3.2. *Específicos da materia***

## **4. *Contidos***

## **5. *Metodoloxía***

**5.1. *Modelo metodolóxico***

**5.2. *Atención a diversidade***

**5.3. *Promoción da convivencia***

**5.4. *Aspectos técnicos***

## **6. *Avaliación***

**6.1. *Criterios de avaliación***

**6.2. *Proceso de avaliación***

## **7. *UDI desenvolvidas***

## 1. Introducción

### 1.1. Destinatarios

**Área:** Linguaxe Musical

**Curso:** 4º Grao Elemental

### 1.2. Breve resumo

O proxecto “**A LINGUAXE DE ARGEN**”, está formado por 8 UD que nos permitirán alcanzar todos os obxectivos e traballar todos os contidos da materia de Linguaxe Musical para o 4º Grao Elemental (establecidos no Decreto 198/2007), a través do traballo de cada unha das destrezas (teoría, ritmo, entoación e audición), con explicacións e exercicios prácticos, con partituras axeitadas ao nivel e vídeos e audios para apoiar o estudo.

### 1.3. Fundamentación legal

O proxecto baséase na Lei de Educación vixente :

- ◆ **Lei Orgánica 8/2013**, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa (LOMCE)
- ◆ **Decreto 198/2007**, do 4 de setembro, polo que se establece a ordenación do currículo de grao elemental das ensinanzas de réxime especial de música na Comunidade Autónoma de Galicia.

## 2. Competencias clave

Este proxecto permitirá ao noso alumnado, ademais da adquisición de coñecementos específicos do Linguaxe musical, o desenvolvemento de competencias clave, imprescindibles no proceso de aprendizaxe e formación.

COMPETENCIA EN COMUNICACIÓN LINGÜÍSTICA (CCL)	<ul style="list-style-type: none"><li>● Adquirir as ferramentas necesarias para coñecer e saber empregar a linguaxe musical.</li><li>● Coñecer e saber empregar a linguaxe musical: os seus signos, indicacións, escritura, etc.</li><li>● Comprender e saber interpretar a linguaxe musical</li><li>● Comprender que o estudo dos elementos da linguaxe musical facilitaranos a interpretación da música así como a súa escoita.</li></ul>
COMPETENCIA MATEMÁTICA. COMPETENCIA NO COÑECEMENTO E	<ul style="list-style-type: none"><li>● Empregar ferramentas matemáticas para a comprensión de conceptos musicais, como o compás, o intervalos, os acordes, etc.).</li><li>● Exercitar a audición e a interpretación de melodías que lles permita</li></ul>

NA INTERACCIÓN CO MUNDO FÍSICO. (CM.CCIF)	comprender o fenómeno sonoro.
TRATAMENTO DA INFORMACIÓN E A COMPETENCIA DIXITAL. (CCID)	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Utilizar as tecnoloxías da información e da comunicación a través de aplicacións informáticas que permiten o desenvolvemento de todos os contidos da materia.</li> </ul>
COMPETENCIA PARA APRENDER A APRENDER. (CAA)	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Desenvolver o traballo de maneira autónoma e conseguir pautas que lle axuden a asimilar e interiorizar conceptos importantes da materia, así como fomentar o seu gusto pola música.</li> </ul>
COMPETENCIA SOCIAL E CIDADÁ. (CSC)	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Crear un entorno de convivencia e cooperación a través das actividades en grupo, incluíndo ao alumnado con necesidades educativas especiais.</li> <li>• Respetar o traballo de todos os compañeiros/as.</li> </ul>
COMPETENCIA DE AUTONOMÍA E INICIATIVA PERSOAL. (CAIP)	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Desenvolver a creatividade, a autoestima, a responsabilidade, o traballo en grupo, entre outros, que lle proporcionen unha parte imprescindible da súa educación, non só musical.</li> </ul>
COMPETENCIA CULTURAL E ARTÍSTICA. (CCA)	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Coñecer a riqueza cultural e artística de diferentes momentos da historia, a través de compositores e as súas obras.</li> <li>• Recoñecer a importancia da aprendizaxe dunha linguaxe para poder comprender mellor unha corrente artística como é a música.</li> </ul>

### **3. Obxectivos**

#### **3.1. Obxectivos xerais**

Os seguintes obxectivos son aqueles que se adaptan a este proxecto, extraídos do decreto correspondente:

- a) Apreciar a importancia da música como linguaxe artística e medio de expresión cultural dos pobos e das persoas.
- b) Expresarse con sensibilidade musical e estética para interpretar a música de diferentes épocas e estilos, gozar con ela e enriquecer as propias posibilidades de comunicación e de realización persoal.
- c) Coñecer e valorar a importancia da respiración e do dominio do propio corpo no desenvolvemento da calidade do son e da interpretación.
- d) Relacionar os coñecementos musicais coas características da escritura e da literatura do propio instrumento para desenvolver a interpretación.
- e) Interpretar música en grupo habituándose a escoitar outras voces.
- f) Ser consciente da importancia do traballo individual e adquirir a capacidade de escoitarse e se crítico consigo mesmo.
- g) Valorar o silencio como elemento indispensable para o desenvolvemento da concentración, a audición interna e o pensamento musical.

- h) Ser consciente da importancia dunha escoita activa como base imprescindible na formación musical.

### 3.2. Obxectivos específicos da materia

- a) Desenvolver os recursos da voz como vehículo de expresión musical, proporcionando as capacidades necesarias para a comprensión dos elementos constitutivos da linguaxe musical.
- b) Acceder aos códigos rítmicos que require cada nivel da linguaxe musical
- c) Coñecer e desenvolver o estudo da equivalencia.
- d) Adquirir as bases para o desenvolvemento auditivo (melódico, rítmico, formal, etc).
- e) Educar a memoria como base para a formación do oído interno e o seu desenvolvemento progresivo.
- f) Desenvolver a capacidade esencial da escritura como elemento básico da linguaxe musical.
- g) Propiciar o emprego dunha terminoloxía musical básica que lle permita ao alumnado comunicar os seus coñecementos.

## **4. Contidos**

Os contidos que se traballan no proxecto están extraídos do *Decreto 198/2007*:

### **FUNDAMENTOS TEÓRICOS**

- ◆ Intervalos:
  - Definición e elementos.
  - Clasificación e inversión.
  - Enharmonías. Alteracións dobres.
- ◆ Tonalidade:
  - O círculo de 5ª.
  - Armaduras.
  - Relativos.
- ◆ Modalidade:
  - Escalas. Tipos.
  - Graos tonais e modais.
- ◆ Acordes:
  - Acordes tríadas: perfecto maior, perfecto menor, 5ª aumentada, 5ª diminuída. Inversións.

- Acordes cuatríadas: acorde de 7<sup>a</sup> de dominante. Inversións.
- Notas estrañas: nota de paso, floreo e apoiatura.
- ◆ **Modulación:**
  - Flexión.
  - Tonalidades veciñas.
- ◆ **A forma musical:**
  - A frase.
  - Cadencias conclusivas e suspensivas.
  - Células rítmicas de inicio e final de frase. Inicios tético, acéfalo ou anacrúsico. Finais masculino ou oxítono e feminino ou paroxítono.
- ◆ **Escritura musical:**
  - Abreviacións.
  - Notas de adorno: trino, mordente, apoiatura e grupeto.

#### **FUNDAMENTOS DO TRATAMENTO DO RITMO**

- ◆ **Coñecemento, identificación e práctica de :**
  - Compases simples (2/4, 3/4, 4/4) e compostos (6/8, 9/8, 12/8) en unidade de negra.
  - Compases simples (2/2, 3/2, 4/2) e compostos (6/4, 9/4, 12/34) en unidade de branca.
  - Compases a un tempo.
  - Equivalencias orixinadas por cambios de compás que impliquen pulso=pulso e fracción=fracción.
  - Grupos regulares de valoración especial contidos nun pulso; dúina, tercina, cuatrina, quintina e sextina; dúina e tercina irregular contida nun pulso; tercina regular contida en dous pulsos; dúina regular contidas en tres pulsos.
  - Dobre puntiño e síncope dobre.
- ◆ **Introdución á práctica do compás de amalgama 5/4 e dos compases dispaes 5/8 e 7/8.**
- ◆ **Práctica de lecturas rítmicas nas claves de sol e fa en 4<sup>a</sup> cos compases e ritmos traballados.**
- ◆ **Coñecementos, identificación e práctica de fórmulas rítmicas binarias e ternarias que inclúan figuras ata a fusa e o seu silencio.**
- ◆ **Subdivisión dos compases.**

#### **FUNDAMENTOS DO TRATAMENTO DA VOZ**

- ◆ **Respiración, relaxación, articulación e vocalización.**
- ◆ **Interpretación vocal de melodías a unha voz en tonalidades con ata 4 alteracións na armadura, nos catro tipos de escalas maiores e menores.**

- ◆ Sensibilización, identificación e interpretación de:
  - Intervalos maiores, menores e xustos ata a 8ª dentro dun contexto tonal.
  - Dobres alteracións. Enharmonías.
  - Os catro tipo de escalas menores.
  - As notas estrañas.
  - Abreviacións.

## **AUDICIÓN**

- ◆ Identificación auditiva e reprodución escrita de ditados a unha voz ata 4 alteracións.
- ◆ Identificación auditiva de:
  - Intervalos melódicos e harmónicos maiores, menores e xustos ata a 8ª.
  - Os modos maior e menor das escalas.
  - Os tipos de escalas maiores e menores.
  - Funcións dos graos tonais e modais dunha escala.
  - Acorde tríadas maiores, menores, aumentados e diminuídos.
  - Acorde de 7ª de dominantes.
  - Os tipos de cadencias.

## **5. Metodoloxía**

### 5.1. Modelo metodolóxico

O proxecto está desenvolvido para empregarse como libro de texto para todo o curso escolar. Está distribuído en 8 unidades, 3 para o primeiro trimestre, 3 para o segundo e 2 para o terceiro. En cada unha das UDI aparecen as 4 destrezas a traballar (Teoría, Ritmo, Entoación e Audición) coas explicacións dos contidos, exercicios prácticos, partituras, audios e vídeos. Todas as explicacións veñen con exemplos, tanto escritos como auditivos, e na parte teórica, sempre cun vídeo interactivo. Inclúense actividades variadas de reforzo e ampliación, e sempre se inclúen algunhas máis lúdicas para fomentar a motivación do alumnado.

O proxecto baséase, en liñas xerais, nos procedementos e as directrices das principais metodoloxías do século XX:

- O xogo como maneira de desenvolver a aprendizaxe.
- Audición musical activa como recoñecemento dos elementos musicais.
- Práctica rítmica a través do movemento e a expresión corporal.
- A imitación e a repetición como base do desenvolvemento da memoria musical.

- Práctica vocal a unha ou máis voces a través de melodías e cancións.

A metodoloxía baséase na aprendizaxe significativa, é dicir, partindo do Coñecemento Previo do alumnado (adquirido nos anteriores cursos de grao elemental), e dun concepto elabórase todo o material da unidade e sempre ligada as unidades anterior e posterior, buscando unha aprendizaxe continua baseada na práctica, que favorecerá a asimilación destes contidos.

Os contidos seguen un proceso lóxico, a aprendizaxe vai de menos a máis, en todas as destrezas, aumentando a dificultade progresivamente para unha correcta asimilación. e as obras están ordenadas polos contidos que inclúen, segundo a súa dificultade.

Excepto a unidade 1 con características máis específicas (a modo de Avaliación Inicial e repaso do traballado nos cursos anteriores), as restantes unidades estarán conformadas polos seguintes apartados:

- ◆ **TEORÍA:** presentación dos contidos teóricos a traballar na unidade polo noso narrador, *Argen*.
  - *Os intervalos (nome do contido):* explicación de cada un dos aspectos que conforman dito contido (cada un deles nunha nova páxina e sempre por orde de dificultade), apoiado por cadros resumo, partituras e audios, e sempre, na última páxina, un **vídeo interactivo** que permita que o alumnado sinta que se atopa na clase seguindo unha explicación, na que se inclúen todos os contidos anteriormente explicados.
  - *Exercicios:* todas as actividades teórico-prácticas sobre os contidos traballados.(uns interactivos na aplicación empregada, e algúns en formato pdf para a súa copia ou impresión a través do *iDevice Ficheiro Adxunto*).
- ◆ **RITMO:** *Argen* preséntanos os contidos referidos a esta destreza que imos traballar.
  - *Deseños rítmicos:* neste apartado aparece explicado o elemento rítmico a traballar nesta unidade, apoiado por audios e partituras, así como cadros resumo, de ser necesario.
    - *Practicamos!:* traballo de patróns rítmicos en pequenos fragmentos, baseados nos elementos explicados no punto anterior, apoiados por vídeos para realizar con percusión corporal.
  - *Lectura rítmica:* nesta primeira parte aparecerá un exemplo de lectura rítmica (o número irá en función dos elementos novos a traballar), cun vídeo para estudar, no



que *Argen* amósanos como se fai o movemento da man e como debemos manter o pulso.

- *Practicamos!:* neste apartado aparecerán as partituras para ler ritmicamente, organizadas por sesións, e cos contidos organizados por dificultade, e sempre nas últimas, inclúense sesións de repaso nas que aparecen os contidos traballados ata o momento.

◆ **PRÁCTICA VOCAL:** *Argen* preséntanos os contidos referidos a esta destreza:

- *Quecendo motores:* actividade para a promoción da convivencia, onde aparecen exercicios de relaxación, respiración, articulación e vocalización para facer en grupo, con audios e partituras, e debuxos que amosan as distintas posturas a seguir.
- *Deseños vocais:* traballo de intervalos, escalas, acordes, etc. a través de diferentes ferramentas, como vídeos, xogos, audicións, gravacións, etc.
- *Entoación:* aquí aparecen as melodías para entoar *a capella:* partituras e audios das escalas e das melodías.
  - *Un pouco de Historia...:* Nas unidades 1, 2, 4, 5 e 6 aparecen melodías clásicas recoñecibles que nos permiten introducir información sobre a historia da música e compositores máis relevantes, con explicacións da vida e da obra, e con enlaces que nos permitan escoitalas a través dunha orquestra.
  - *Con acompañamento:* as partitura con acompañamento polifónico, e ademais das partituras aparecen audios da obra completa, e tamén un audio con só o acompañamento, para poder practicar a entoación.

◆ **PRÁCTICA AUDITIVA:** *Argen* preséntanos os contidos referidos a esta destreza que imos traballar

- *Esquemas auditivos:* traballo de intervalos, escalas, acordes, etc. a través de audios e partituras.
  - *Practicamos!:* un exercicio onde poidan comprobar a asimilación do contido auditivamente.
- *Ditado:* neste apartado aparecen sempre 4 audios cos ditados. Son audios nos que se inclúen o proceso completo da escoita dun ditado; dende a escala e arpejo da tonalidade ata o número de repeticións. As solucións aparecerán no *Solucionario* da Guía Didáctica de cada unidade.
  - *Un pouco de Historia...:* Nas unidades 3,6 e 7 aparecen melodías clásicas recoñecibles que nos permiten introducir información sobre a historia da

música e compositores máis relevantes, seguindo o mesmo esquema que no apartado de entoación.

- ◆ **REFORZO/AMPLIACIÓN:** Neste apartado hai exercicios para reforzo ou ampliación (sempre cun pouco máis de dificultade) para o alumnado que o precise.
  - *Xogamos!* aquí aparece sempre un LIM, con actividades un pouco máis lúdicas, como quebracabezas ou sopa de letras; e nas unidades 2, 4 e 8 aparece un Rosco, onde se inclúen contidos das unidades traballadas.

Para un bo desenvolvemento do proxecto, o idóneo sería que o profesor empregara un EDI (encerado dixital interactivo) para facer a exposición e explicación da materia, mentres que o alumnado faría o seguimento no seu ordenador; ao finalizar, traballar nas actividades, ao seu ritmo, consultando no documento tantas veces precise, e mesmo na súa casa.

Se non se dispuxese de computadores para o alumnado, o profesor pode empregar o proxecto como libro de texto, xa que todos os contidos aparecen explicados, e a través do seu propio ordenador, ir amosando as partes teóricas, escoitando os audios requiridos e vendo as partituras. As partituras e os exercicios poden imprimirse, o que facilitaría o estudo.

## 5.2. Atención a diversidade

O proxecto está pensado para traballar de forma individual e en grupo, segundo a actividade, de maneira que o alumnado con dificultades ou discapacidades estea totalmente integrado no desenvolvemento do mesmo:

- ◆ **Dificultades específicas de aprendizaxe, trastorno por déficit de atención e hiperactividade:** o carácter eminentemente práctico do proxecto a través das novas tecnoloxías, facilita a aprendizaxe neste grupo de necesidades específicas. Ademais conta cun apartado específico con Actividades de **reforzo**, e os vídeos explicativos como apoio a este alumnado.
- ◆ **Alta capacidade intelectual:** está contemplado no proxecto este grupo de alumnado ao engadir actividades de **ampliación**.
- ◆ **Incorporación tardía ao sistema educativo:** para acceder a este tipo de ensinanzas é preciso realizar unha proba de acceso, polo que os contidos mínimos esixibles estarían probados no alumnado. No caso de alumnado trasladado, con problemas co idioma, se lle pode suxerir que empregue algún recurso dixital como un tradutor.
- ◆ **Discapacidade física ou sensorial:** a música precisa dunhas capacidades auditivas e vocais mínimas para a súa realización plena; no caso dun alumno/a con cegueira en

distintos graos, todo o material poderá ser asimilado auditivamente a través dos audios que están incluídos, tanto nas explicacións como nos exercicios, así como a descrición das imaxes (no caso das partituras do apartado de Lectura rítmica, haberá que recorrer a transcripción de organismos especializados); no caso de alumnado con discapacidade física, dependendo do grao, poderá ser partícipe da gran maioría das actividades do proxecto.

### 5.3. Promoción da convivencia

Todos os centros contan cun Plan de Convivencia, documento que establece as liñas xerais do modelo de convivencia a adoptar no centro, garantindo a erradicación de calquera forma de violencia, en especial cara aos menores. Fundaméntase nos principios democráticos de colaboración e responsabilidade compartida entre todos os membros educativos para crear un clima de convivencia acorde co mundo da Música.

Con este proxecto, desenvolvemos actividades que nos permiten promocionar a convivencia:

- No apartado de Práctica Vocal aparece ***Quecendo Motores***, desenvolvendo un dos contidos do currículo (Relaxación, respiración e afinación), onde traballaremos exercicios (aparecen debuxos, partituras e audios como apoio á explicación) que contribúan a que o alumnado se sinta cómodo para a interpretación e así evitamos calquera tipo de burla ou malestar na aula.
- Para contribuír á interculturalidade: practicando melodías de diferentes procedencias xeográficas e da cultura musical (dende unha melodía das grandes obras de compositores como ***Mozart*** ou ***Offenbach***) ata a aportación de datos histórico-musicais de cada unha desas melodías e dos seus compositores. Estas melodías aparecen nos apartados de Práctica Vocal (entoacións *a capella*) e Práctica Auditiva (ditados).
- Algunhas das actividades (como a parte máis lúdica do proxecto- xogos interactivos) poden realizalas as familias ao completo, favorecendo un clima máis participativo.

### 5.4. Aspectos técnicos

A ferramenta dixital principal empregada para o proxecto é Exe- Learning. Os recursos creados son accesibles en formato Html o Html5. Unha das actividades de ampliación está feita co educaLIM.

Para a correcta visualización dos contidos necesitarase:

- ◆ Acceso: Conexión á rede para acceso en liña dos contidos ou descargar os arquivos no ordenador.

- ◆ Funcionamento: non necesita instalación
- ◆ Navegadores: versións actualizadas de *Chrome*, *Explorer* ou *Safari*.

## **6. Avaliación**

### 6.1. Criterios de avaliación

Os criterios de avaliación están extraídos do *Decreto 198/2007*:

- ◆ Recoñecer auditivamente e percudir o pulso dunha obra ou dun fragmento.
- ◆ Recoñecer e identificar o acento periódico dunha obra ou dun fragmento.
- ◆ Manter o pulso durante períodos breves de silencio.
- ◆ Executar a través da percusión, instrumental ou vocalmente estruturas rítmicas.
- ◆ Reproducir modelos melódicos sinxelos a partir de diferentes alturas.
- ◆ Interpretar vocalmente ou ritmicamente pezas escritas utilizando elementos adecuados ao nivel do alumnado.
- ◆ Entoar unha melodía ou canción tonal con acompañamento e sen el.
- ◆ Identificar ou entoar intervalos melódicos maiores, menores e xustos.
- ◆ Identificar intervalos harmónicos maiores, menores e xustos nun rexistro medio.
- ◆ Interpretar cambios sinxelos de compás e identificalos auditivamente.
- ◆ Describir, logo dunha audición, os trazos característicos das obras escoitadas ou interpretadas.

### 6.2. Proceso de avaliación

Haberá diferentes tipos de avaliación:

- ◆ **A avaliación de alumnado:** esta realizarase en distintas categorías:
  - **Avaliación inicial:** a *UD 1: Comezamos!*, céntrase no proceso de repaso do traballado nos cursos anteriores, como quecemento para comezar cos novos contidos e aparece un *Test Scorm* que nos servirá como ferramenta de Avaliación Inicial, tanto para o alumnado (para saber que é o que sabe) e para o docente (para saber como organizar os contidos). e.
  - **Avaliación continua:** farase ao longo de todo o proceso, a través da observación directa do alumnado, a súa resposta ante as actividades, a súa participación e colaboración cos seus compañeiros/as, entre outros.
  - **Avaliación final:** na *UD 8*, aparecen actividades de repaso do traballado durante o curso, e unha proba en formato de Xogo que nos permitirá coñecer o grao de

asimilación dos contidos. Ademais todas as destrezas desta unidade inclúen actividades de repaso de todo o traballado.

En cada UDI, dispórase dunha rúbrica que permita ao profesorado obter unha valoración para cada alumno/a.

♦ **A avaliación do proxecto:**

- por parte do profesorado: para que o profesorado que empregue este recurso dixital poida valoralo en distintos aspectos, dispón dunha rúbrica que poderá enviar ao correo electrónico dos participantes, para poder obter unha valoración estimada do funcionamento do proxecto. Nela valoráranse diferentes aspectos referidos ao proxecto, ao alumnado e as UDI.


(\*) Valoración en nº de cada un dos epígrafes.

	Moi deficiente (1)	Deficiente (2)	Suficiente (3)	Ben (4)	Excelente (5)	(*)
<b>Proxecto</b>						
<b>O entorno dixital</b>	Non se axusta nin a idade nin características do alumnado e non se adapta á materia de Linguaxe Musical.	Non todos os aspectos se axustan á idade e as características do alumnado e da materia.	Algúns aspectos non se adaptan a idade e características do alumnado pero si á materia de Linguaxe Musical.	Se axusta á idade e características do alumnado pero non á materia de Linguaxe Musical.	Óptimo para a idade e características do alumnado que traballou con el, así como para a materia de LM.	
<b>O recurso como parte da práctica docente</b>	Non é un recurso adaptado para a práctica docente.	Se poden empregar só un ou dos epígrafes do proxecto dentro da aula.	Só se poden empregar como recursos docentes algúns dos epígrafes do proxecto.	Algúns dos recursos son moi bos para o traballo na aula, se dispoña ou non de ordenador por cada alumno/a.	É moi útil como ferramenta na aula tanto para o alumnado como o profesorado, facilitando a labor docente, se dispoña ou non de ordenador por cada alumno/a.	
<b>A calidade dos recursos empregados</b>	Pésima. Non alcanza o mínimo de calidade.	Regular, con deficiencias claras en moitos aspectos.	Aceptable.	Boa, con posibles melloras nalgúns aspectos.	Excelente, pola riqueza e variedade empregada.	
<b>Alumnado</b>						
<b>A motivación</b>	O grao foi nulo.	O grao foi baixo, só nalgúns epígrafes.	O grao foi irregular, con algúns momentos bo e outros máis baixo.	O grao foi bo durante todo o proceso.	O grao foi óptimo e constante durante todo o proceso.	

<b>A interacción</b>	Non permite o traballo en grupo e a relación entre o alumnado	As actividades en grupo non funcionan pero o ambiente é bo.	Permite a relación entre o alumnado en algunha actividade creando un bo ambiente.	Algunhas das actividades están pensadas para o traballo en grupo e funcionaron correctamente.	Todas as actividades están baseadas no traballo colaborador e isto favoreceu un ambiente óptimo de traballo e de respecto entre compañeiros/as	
<b>Alumnado con Necesidades educativas especiais</b>	Non se ten en conta a este tipo de alumnado en ningún punto, nin contido nin actividade.	Este alumnado conta con moi poucos recursos adaptados no proxecto para traballar.	A metade das actividades e contidos poden ser traballadas por este tipo de alumnado.	Case todas as actividades e contidos están pensadas para este tipo de alumnado.	Todas as actividades e contidos están adaptados a este tipo de alumnado.	
<b>UDI</b>						
<b>Os obxectivos</b>	Non cumpre ningún obxectivo.	Só cumpre algún dos obxectivos.	A metade dos obxectivos aparecen reflectidos .	A maioría dos obxectivos son cumpridos.	Compren todos os obxectivos do curso.	
<b>Os contidos</b>	Non traballa ningún dos contidos do curso.	Só algún contido do currículo aparece reflectido.	Só a metade dos contidos son traballados.	A maioría dos contidos aparecen reflectidos.	Trabállanse todos os contidos do currículo do curso.	
<b>As competencias clave</b>	Non axudan a desenvolver ningunha das competencias clave e non aparecen reflectidas.	Algunha das competencias clave aparecen reflectidas no proxecto pero non as desenvolve.	As competencias clave están presentes no proxecto e algunha actividade permite desenvolver algunha delas.	Case todas as actividades permiten desenvolver as competencias clave e aparecen reflectidas.	Desenvolven todas as competencias clave a través dos contidos e actividades traballadas.	
<b>As actividades</b>	-Non compren ningún obxectivo. -Non permiten a práctica dos contidos do curso. -Non permiten avaliar ao alumnado. -Non son variadas. -Non permiten o traballo en grupo. -Non se axustan á idade do alumnado.	-Non compren ningún obxectivo. -Só algúns contidos son traballados. -Non son variadas. -Non permiten o traballo en grupo. -Non se axustan á idade do alumnado.	-Non compren todos os obxectivos. -Non aparecen reflectidos todos os contidos. -Non son variadas. -Non axudan ao traballo en grupo. -Só algunha delas se axustan á idade do alumnado.	-Compren os obxectivos. -Adáptanse aos contidos do curso. -Permiten avaliar ao alumnado. -Son variadas pero con recursos escasos. -Permiten o traballo colaborador. - Se axustan á idade do alumnado.	-Compren todos os obxectivos. -Adáptanse aos contidos do curso. -Permiten avaliar ao alumnado. -Son variadas e ricas en recursos. -Permiten o traballo colaborador. -Se axustan totalmente á idade do alumnado.	
<b>A transversalidade</b>	Ningún contido nin actividade se relaciona coas materias de Instrumento e EAV	Só se relacionan un o dous contidos e actividades coas materias de Instrumento/ EAV	Algúns contidos e actividades teñen relación cos contidos só coa materia de EAV	A maioría dos contidos e actividades se relacionan cos contidos de EAV e co instrumento.	Todos os contidos e actividades teñen relación cos contidos da materia de EAV e co instrumento.	
<b>A convivencia</b>	Ningunha actividade fomenta un clima favorecedor na aula	Algunha actividade fomenta un clima bo na aula.	Algunha actividade promove a convivencia entre o alumnado.	Algunha actividade pode favorecer a relación entre as familias.	As actividades promoven un clima óptimo de convivencia, incluíndo ás familias.	

- por parte do alumnado: consideramos que é moi importante para unha correcta valoración do proxecto que ademais do profesorado que o emprega, o alumnado que o utiliza tamén dea a súa opinión, xa que ao fin, eles/as son os destinatarios. Este formulario pode enviarse do mesmo xeito que o anterior para a valoración final.

	Mal (1)	Suficiente (3)	Excelente (5)	(*)
<b>O entorno dixital</b>	-O programa foi moi complicado de utilizar. -Prefiro estudar Linguaxe Musical sen este programa.	-Gustoume empregar o programa pero ás veces penso que é mellor non usalo. -O programa nalgúns momentos complicóuseme un pouco.	-O programa é doado de usar. -O estudo de Linguaxe Musical deste xeito facilitoume a práctica dalgunhas destrezas como o ditado ou a lectura rítmica.	
<b>A motivación</b>	Todo o que fixen foi moi aburrido e non me gustou	Estivo ben o que fixen pero ás veces non me gustou.	Todo o que realicei foi moi entretido e divertido.	
<b>A interacción cos teus compañeiros/as</b>	Non realicei ningunha actividade en grupo.	Só realicei algunhas das actividades en grupo. As demais foron individualmente.	As actividades en grupo son boas, e a relación cos meus compañeiros foi moi boa.	
<b>As actividades</b>	-Son monótonas. . -Non entendía as explicación escritas nin polo vídeo. - Os ritmos e as entoacións foron moi difíciles. -Os xogos non me gustaron.	-Están ben pero pareceronme pesadas e un pouco complicadas. -As lecturas rítmicas e as entoacións gustáronme. -Algúns xogos foron aburridos.	-Son divertidas e distintas. -É moi útil ter a explicación de todos os contidos a man. -Divertínme moito facendo as actividades auditivas e vocais apoiado polos vídeos. -Os xogos foron entretidos e aprendín moito	
<b>A transversalidade</b>	Nada do que traballamos aparece noutras materias do curso	Algunha cousa da que falamos na clase, tamén a traballamos en instrumento.	Todo o que traballamos o empregamos en instrumento e na materia de EAV.	
<b>A convivencia</b>	Todas as actividades eran individuais e resulta bastante aburrido.	Algunha actividade a fixen cos compañeiros/as pero nunca puiden incluír á miña familia.	As actividades fixeron que traballara coa miña familia e tamén cos meus compañeiros/as e resultou moi bo e entretido	



*A linguaxe de*  
**ARGEN**

UNIDADES DIDÁCTICAS



UD 1: COMEZAMOS!

<p>OBXECTIVOS XERAIS /ESPECÍFICOS</p>	<p>a), b), c), e), f), h) a), b), d), g)</p>
<p>OBXECTIVOS ESPECÍFICOS</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Afianzar os contidos traballados en cursos anteriores en cada unha das destrezas.</li> <li>• Coñecer o grao de asimilación dos mesmos a través da Avaliación Inicial.</li> </ul>
<p>COMPETENCIAS CLAVE</p>	<p>CCL, CM, CCIF, CCID, CAA, CSC, CAIP, CCA.</p>
<p>CONTIDOS</p>	<p><b>FUNDAMENTOS TEÓRICOS</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• O semitón:             <ul style="list-style-type: none"> <li>• Definición.</li> <li>• Tipos. Unísono.</li> </ul> </li> <li>• O compás:             <ul style="list-style-type: none"> <li>• Definición. Elementos.</li> <li>• Compases simples e compostos en unidade de negra.</li> </ul> </li> </ul> <p><b>FUNDAMENTOS DO TRATAMENTO DO RITMO</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Coñecemento, identificación e práctica dos compases simples (2/4, 3/4, 4/4) e compostos (6/8, 9/8, 12/8) de unidade de negra.</li> <li>• Coñecemento, identificación e práctica de fórmulas rítmicas binarias e ternarias que inclúan ata a semicorchea e o seu silencio.</li> <li>• Práctica de lecturas rítmicas nas claves de Sol e Fa en 4ª nos compases e fórmulas rítmicas traballados.</li> </ul> <p><b>FUNDAMENTOS DO TRATAMENTO DA VOZ</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Interpretación vocal de melodías, a unha voz, <i>a capella</i> e con acompañamento, en tonalidades con ningunha alteración propia.</li> </ul> <p><b>AUDICIÓN</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Identificación auditiva e reprodución escrita de ditados a unha voz.</li> </ul>
<p>CRITERIOS DE AVALIACIÓN</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Identificar o ton e o semitón nunha escala e diferenciar o cromático e diatónico.</li> <li>• Identificar os elementos dun compás e saber o seu significado.</li> <li>• Ler con soltura e mantendo o pulso fragmentos con fórmulas rítmicas e compases traballados.</li> <li>• Entoar con exactitude rítmica e afinación melodías con ou sen acompañamento</li> <li>• Saber representar graficamente unha melodía escoitada.</li> <li>• Asimilar os contidos traballados na unidade.</li> </ul>

Esta primeira unidade está pensada para realizar nas 3 primeiras sesións do curso (podería necesitarse algunha máis segundo o tipo de alumnado).

Esta unidade ten unha organización diferente ás 7 restantes porque a empregaremos como unha ferramenta de repaso e de Avaliación Inicial. Traballaremos cada unha das destrezas, pero con contidos xa coñecidos.

Os apartados son os seguintes:

- ◆ **COMEZAMOS!**: **Argen**, o noso protagonista, danos a benvinda ao curso e fai un pequeno resumo do que nos atoparemos. **Argen** é unha negra animada que acompañaranos ao longo de cada un dos apartados facendo de narrador, e caracterizada segundo o tipo (cunha batuta no ritmo, con cascos de música na práctica vocal, etc).
- ◆ **TEORÍA**: **Argen** fai a presentación dos contidos a traballar, que neste caso será un repaso do semitón. Antes de seguir, poderíamos facer unha choiva de ideas sobre os conceptos que imos traballar, para situar ao alumnado.
  - **semitón**: definición de ton e semitón, tipos de semitón e unísono; todo con partituras de exemplo e audios; tamén aparece un teclado para poder localizalos nas teclas.
  - **Exercicios**: **Argen** presenta o tipo de exercicios que imos realizar, que neste caso centrarase nunha actividade de avaliación.
    - **Comprobamos o que sabemos?**: é un *Test Scorm* de 20 preguntas, que inclúen conceptos como semitón, intervalo, armaduras, escalas ou acordes (conceptos traballados no 3º G.E.), que nos permitirá coñecer o punto no que se atopa o alumnado en canto a asimilación destes contidos imprescindibles para superar o presente curso. Ao finalizar o Test e enviar as respostas teremos unha puntuación.
- ◆ **RITMO**: **Argen** con batuta preséntanos o traballo rítmico que imos realizar.
  - **Deseños rítmicos**: explicación do compás, definición, os seus elementos (numerador e denominador) e os tipos (simples e compostos). Hai que facer fincapé na similitude do compás cunha fracción, desenvolvendo así a Competencia Matemática.
    - **Practicamos!**: Unha vez explicado o concepto rítmico, pasamos a practicar unha secuencia rítmica baseada nun dos compases explicados (neste caso un 3/4) que inclúen fórmulas rítmicas xa traballadas no curso anterior. Esta secuencia está apoiada por un vídeo que permite ao alumnado seguir a lectura mantendo o pulso e sabendo en cada momento onde se atopa. Esta secuencia farase con

sílabas, con palmas e o alumnado pode propoñer algunha secuencia de percusión corporal.

- **Lectura rítmica:** fragmentos rítmicos nos compases traballados, organizados en dúas sesións con 4 exercicios cada un. Poden empregarse para a práctica conxunta ou individual (esta sería mellor para valorar o punto no que se atopa no alumando nesta destrezas) e incluso como tarefa para casa.

◆ **PRÁCTICA VOCAL:** *Argen* con gafas de sol e a boca aberta (a modo de canto)

preséntanos a destreza. Debemos preparar ao alumnado para a interpretación vocal, e nas seguintes unidades explicaremos en profundidade a relaxación, respiración, vocalización e articulación. Para esta primeira unidade podemos comezar cunha serie de preguntas: *Como cren eles/as que se canta? Que partes do corpo empregamos para cantar? Hai algunha postura concreta que facilite o canto?*

A partir da información recibida explicaremos un pouco o proceso de produción do son. Despois faremos unha serie de exercicios que serán unha introdución aos que faremos nas seguintes unidades:

- **Relaxación:** Estirar o corpo, inspirando profundamente, alzando as mans, e deixando caer o corpo cara adiante, á vez que soltamos o aire. Repetir 3 ou 4 veces. Mover o pescozo en círculos moi lento. Dar fregas na cara movendo a lingua. Imitar o ruído dun avión, pegando os labios con suavidade, movendo o son do agudo ao grave, facendo que os beizos vibren e se quenten.
- **Respiración:** para cantar, a mellor postura é erguidos, cos pés un pouco separados e os brazos relaxados a cada lado. Para respirar empregaremos a respiración costo-diafragmática. Para que os rapaces comproben que están realizando unha respiración correcta, podemos pedirles que coloquen unha man enriba da barriga, e que ao inspirar profundamente, sintan como a barriga se enche.
- **Vocalización e articulación:** podemos facer exercicios de repeticións de sons pasando por diferentes sons ascendentes e descendentes, coas sílabas na, mu, ña, mi, entre outras.
- **Entoación:** neste apartado inclúense 4 melodías *a capella*, sempre formadas por unha frase de 8 compases. Son melodías sinxelas nas que buscamos que o alumnado profunde na afinación e correcta interpretación de interválicas no rexistro tonal. Todas elas van acompañadas de dous audios: un coa escala da tonalidade na que se atopa, e outro coa melodía. O proceso sería: lectura rítmica do fragmento; entoación da escala

e arpexio da tonalidade; interpretación da melodía individualmente ou en grupo de 2 ou 3 e finalmente escoita do audio e interpretación conxunta da clase con el.

- **Un pouco de Historia...**:A melodía 4 das entoacións, é a frase inicial da obra “**A mañá**” de **EDWARD GRIEG** (**Peer Gynt**: Suite nº 1). Aquí incluimos información sobre a obra (con enlaces a vídeos de YouTube onde escoitaremos a obra interpretada por unha orquestra) e o compositor (con enlaces á Wikipedia, para completar información).

A mañá, Grieg; Xove Orquestra Sinfónica de Granada.

<https://www.youtube.com/watch?v=ppEy93FGssA>

La comarca (O señor dos aneles)

<https://www.youtube.com/watch?v=-mHcnEmCZt0>

Edwar Grieg

[https://es.wikipedia.org/wiki/Edvard\\_Grieg](https://es.wikipedia.org/wiki/Edvard_Grieg)

Jean Sibelius

[https://es.wikipedia.org/wiki/Jean\\_Sibelius](https://es.wikipedia.org/wiki/Jean_Sibelius)

Anton Dvorak

[https://es.wikipedia.org/wiki/Anton%C3%ADn\\_Dvo%C5%99%C3%A1k](https://es.wikipedia.org/wiki/Anton%C3%ADn_Dvo%C5%99%C3%A1k)

Con este apartado preténdese introducir ao alumnado no coñecemento da Historia da Música, así como fomentar a escoita de obras clásicas, moi descoñecidas na franxa de idade que nos ocupa. Ademais introducir unha paréntese destas características nas clases pode motivar ao alumnado de forma moi positiva.

- **Con acompañamento:** a interpretación con acompañamento é importante no desenvolvemento do oído e memoria musical. Aquí aparece 1 partitura con dous audios; unha da melodía e o acompañamento e outro só do acompañamento. O procedemento de estudo sería: lectura rítmica, interpretación conxunto co primeiro audio, e despois de forma individual ou en grupos de 2 ou 3 a interpretación co segundo audio.



◆ **PRÁCTICA AUDITIVA:** **Argen** con cascos e gafas de sol preséntanos a destreza.

- **Ditado:** O ditado estará presente durante todo o curso, xa que é un elemento imprescindible na práctica auditiva e forma parte do exame de Proba de Acceso ao Grao Profesional. En cada unidade haberá 4 ditados en formato de audio que segue o esquema: ditado completo, escala, arpexo e acordes e a secuencia de repeticións. O alumnado debería escoitalo unha soa vez.
- ◆ **DOCUMENTACIÓN:** neste apartado inclúense documentos de uso para o docente ou a familia (Referencia dos contidos multimedia, Documento técnico en galego e en castelán, Manual de uso e a presente Guía Didáctica).

## Solucionario

Comprobamos o que sabemos?

### Test SCORM:

1. Que tipo de semitón é? Diatónico
2. Cal destas características é do intervalo? Harmónico
3. Este intervalo é: 6ª Maior
4. Que está a soar? Semitón
5. Cal é o relativo de Fa m? Lab Maior
6. Cando os intervalos están a distancia de 9ª, como os clasificaríamos? Composto
7. Que alteracións forman a armadura de Fa Maior? 
8. Clasifica este semitón: Diatónico
9. Que nos indica o numerador nun compás? O número de figuras que entran no compás.
10. Que tipo de alteración é a que aparece marcada en azul? Accidental
11. Cal é a calidade do son que nos permite diferenciar os distintos instrumentos? Timbre
12. Que tipo de alteración aparece marcada en azul? Propia
13. Que distancia hai entre as tonalidades relativas? 3ª menor
14. Que tipo de escala menor é? Harmónica
15. A que fai referencia o seguinte termo: *Allegro*? Tempo
16. Como se chama este signo? Calderón
17. Como está formado un acorde Perfecto Maior? 3ª Maior e 5ª Xusta
18. Que tipo de escala menor é? Dórica
19. Cal é a armadura de Sol# m? 
20. Para que se emprega este signo? Indicar o lugar onde comeza unha repetición

Ditado

1.




*A linguaxe de* **ARGEN**

2.



3.



4.



## Rúbrica: avaliación

	Mal (1)	Suficiente (3)	Excelente (5)	(*)
<b>Identificar o ton e o semitón nunha escala e diferenciar o cromático e diatónico.</b>	Non sabe identificar o ton e o semitón na escala de Do M, nin os recoñece auditivamente. Non sabe diferenciar entre diatónico e cromático.	Sabe que é un ton e un semitón, e a relación entre ambos, pero cústalle recoñecelos na escala de Do M e auditivamente. Aínda ten dificultades para diferenciar o diatónico do cromático.	Sabe identificar correctamente todos os tons e semitóns dentro da escala de Do M; os identifica auditivamente con corrección. Sabe diferenciar os tipos de semitón.	
<b>Identificar os elementos dun compás e saber o seu significado.</b>	Non recoñece os elementos do compás nin sabe o seu significado.	Recoñece o numerador e o denominador pero non ten claro o que indica cada un.	Recoñece os elementos do compás e sabe o que significa cada un deles.	
<b>Ler con soltura e mantendo o pulso fragmentos con fórmulas rítmicas e compases traballados.</b>	Ten moitas dificultades de lectura nas claves de Sol e Fa en 4ª; non consegue manter o pulso e os compases e as fórmulas rítmicas traballadas non as consegue facer correctamente.	Le con soltura en clave de Sol pero ten dificultades na clave de Fa en 4ª; algunhas das fórmulas rítmicas non as executa correctamente.	Le con soltura nas claves de Sol e Fa en 4ª, mantendo o pulso, nos compases traballados e executa con corrección as fórmulas rítmicas.	
<b>Entoar con exactitude rítmica e afinación melodías con ou sen acompañamento.</b>	Non consegue entoar melodías con ou sen acompañamento.	Consegue entoar a melodía, mellor con acompañamento, pero con pouca exactitude na afinación.	Entoa con exactitude rítmica e con boa afinación melodías con ou sen acompañamento.	
<b>Saber representar graficamente unha melodía escoitada.</b>	Non sabe reproducir por escrito unha melodía escoitada, nin o ritmo nin as notas.	Identifica o compás e deseños rítmicos pero ten dificultade para representar as alturas das notas dunha melodía escoitada.	Sabe reproducir por escrito unha melodía escoitada despois do proceso repeticións establecidos (Ditado).	
<b>Asimilar os contidos traballados na unidade</b>	Non ten asimilado ningún dos contidos traballados na unidade.	Algúns contidos os ten memorizados, pero outros fáltalle asimilalos.	Ten memorizados e asimilados todos os contidos traballados na unidade.	



UD 2: OS INTERVALOS	
OBXECTIVOS XERAIS /ESPECÍFICOS	α), b), c), d), e) f), h) α), b), d), e), f), g)
OBXECTIVOS ESPECÍFICOS	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Indicar as características dun intervalo (nº e especie), clasificalo e investilo.</li> <li>• Identificar auditivamente e entoar os intervalos e as enharmonías.</li> <li>• Identificar as enharmonías e saber empregar as alteracións dobres.</li> <li>• Ler fragmentos en compases a un pulso, con deseños rítmicos ata a fusa.</li> <li>• Coñecer os pasos a seguir para conseguir unha boa relaxación e respiración para a interpretación vocal.</li> <li>• Entoar melodías con ou sen acompañamento.</li> <li>• Reproducir graficamente melodías escoitadas.</li> </ul>
COMPETENCIASCLAVE	CCL, CM, CCIF, CCID, CAA, CSC, CAIP, CCA.
CONTIDOS	<p><b>FUNDAMENTOS TEÓRICOS</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Intervalos: Definición e elementos. Clasificación e investimento.</li> <li>• Enharmonías. Alteracións dobres.</li> </ul> <p><b>FUNDAMENTOS DO TRATAMENTO DO RITMO</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Coñecemento, identificación e práctica dos compases a un pulso (2/8, 3/8).</li> <li>• Coñecemento, identificación e práctica de fórmulas rítmicas binarias e ternarias que inclúan ata a fusa e o seu silencio.</li> <li>• Práctica de lecturas rítmicas nas claves de Sol e Fa en 4ª nos compases e fórmulas rítmicas traballados.</li> </ul> <p><b>FUNDAMENTOS DO TRATAMENTO DA VOZ</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Respiración e relaxación.</li> <li>• Entoación de intervalos.</li> <li>• Interpretación vocal de melodías a unha voz en tonalidades ata 1 alteración.</li> </ul> <p><b>AUDICIÓN</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Identificación auditiva e reprodución escrita de ditados a unha voz.</li> <li>• Identificación auditiva intervalos melódicos maiores, menores e xustos ata a 8ª.</li> </ul>
CRITERIOS DE AVALIACIÓN	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Saber formar, analizar, investir, entoar e recoñecer auditivamente intervalos.</li> <li>• Saber identificar as enharmonías e empregar as alteracións dobres.</li> <li>• Ler con soltura e mantendo o pulso fragmentos con fórmulas rítmicas e compases traballados.</li> <li>• Entoar con exactitude rítmica e afinación melodías con/ sen acompañamento</li> <li>• Saber representar graficamente unha melodía escoitada.</li> <li>• Asimilar os contidos traballados na unidade.</li> <li>• Asimilar os contidos traballados na unidade.</li> </ul>

A partir desta, todas as UD, teñen a mesma estrutura, con pequenas modificacións.

Esta unidade está pensada para traballar durante 8 sesións, e está formada por contidos que xa foron traballados no 3º G.E. (os intervalos) pero que son imprescindibles para seguir coa materia; e por contidos novos como os compases a un pulso.

Os apartados son os seguintes:

- ◆ **OS INTERVALOS:** *Argen* expón o que imos traballar en toda unidade a modo de introdución. É importante que o alumnado estea informado en todo momento de que pasos imos seguir e levar unha organización do traballo, o que fomenta o desenvolvemento da Competencia Clave de autonomía persoal.
- ◆ **TEORÍA:** *Argen* fai a presentación dos contidos a traballar, que neste caso serán os intervalos, que xa coñecen, posto que son contidos mínimos do curso anterior, pero que é necesario repasar e profundar neles, porque a idade do alumnado o require, xa que son conceptos bastante abstractos para a operación concreta (**Piaget**) na que se atopan. Como xa temos referencia de en que punto de asimilación do contido se topan, podemos facelos partícipes da explicación.
  - **O; intervalos:** definición e características (número e especie); tamén está explicado o proceso de análise empregando a escala de Do. Todo con partituras e audios.
    - **Clasificación:** estes conceptos están presentes dende o 1º curso de G.E., polo que non debería supoñer ningún problema.
    - **Investimento:** ao explicar o investimento, debido a súa idade, o alumnado non asimila o beneficio á hora de analizar intervalos grandes; é importante face fincapé neste dato para que vaian collendo axilidade na análise de intervalos.
    - **Enharmonías:** é un concepto novo, e para comprendelo primeiro hai que explicar as alteracións dobres. O máis sinxelo é a través dun teclado, como se explica, posto que a través da vista este concepto abstracto resulta máis doado para eles/elas.
    - **Vídeo Interactivo:** neste vídeo inclúense todas as explicacións anteriores, a modo de “explicación na clase”, o que pode facilitar a comprensión de moitos dos conceptos; ademais inclúense exercicios directamente relacionados co que acaban de escoitar, recurso que fará que o contido sexa máis asimilado.
  - **Exercicios:** *Argen* presenta o tipo de exercicios que imos realizar, tanto interactivos como empregando a libreta, xa que é necesaria á práctica da escritura musical.

- **Verdadeiro ou falso?:** baséase en afirmacións sobre o número e a especie dos intervalos; polo que o alumnado terá primeiro que analízalos, podendo empregar a libreta se fose necesario, e despois responder. Ao facelo o propio exercicio explícalle o porque da resposta.
  - **Imo; construír intervalos:** exercicio de pregunta resposta con 3 opcións posibles, baseado na formación de intervalos; o mesmo que no anterior exercicio, o alumnado poderá precisar da libreta para completalo correctamente; ao responder tamén recibirán unha explicación.
  - **Clasificamos intervalos:** este exercicio ten como fin a práctica da clasificación dos intervalos, e ten un formato de completa que terán que escribir. Ao finalizar poderán comprobar as respostas e saber a puntuación.
  - **Que sabemos sobre as enharmonías?:** tamén é un exercicio de completa, pero ao pinchar na palabra que hai que cubrir, aparece unha lista despregable coas opcións; aparecen palabras de máis para que sexa un pouco máis completo. Na retroacción está incluído o teclado para que lles resulte máis doado.
  - **Traballamos coa libreta:** este apartado o forman dúas páxinas e céntranse na análise e investimento dos intervalos, para a súa práctica escrita. O alumnado, individualmente ou en grupo como se indica, copiarán eses intervalos na libreta e os farán. Pode ser unha tarefa para comezar na clase e rematar na casa para afianzar contidos.
  - **Xogamos:** unha vez realizados todos os exercicios chegamos a este xogo, que servirá para traballar o mesmo pero de xeito máis lúdico. Ten formato de pregunta e 4 respostas posibles, cun tempo para cada unha delas e cun resultado final. Podemos facer unha pequena competición na clase.
  - **Ficheiros adxuntos:** neste apartado inclúense actividades para imprimir (análise e investimento de intervalos) que poden ser empregados como tarefas de casa. Son un complemento para seguir traballando.
- ◆ **RITMO:** *Argen* con batuta preséntanos o traballo rítmico que imos realizar.
- **Dezeños rítmicos:** explicación dos compases a un pulso. Seguimos traballando a Competencia Matemática, a través dos elementos do compás-fracción
    - **Practicamos!:** imos practicar secuencias rítmicas baseadas nos compases explicados ( $2/8$  e  $3/8$ ) que inclúen fórmulas rítmicas que atoparemos no apartado de lectura rítmica. Estas secuencias están apoiadas por vídeos que permiten ao

alumnado seguir a lectura mantendo o pulso e sabendo en cada momento onde se atopa. Estas secuencias poden facerse con sílabas, con Palmas e o alumnado pode propoñer algunha secuencia de percusión corporal.

- **Lectura rítmica:** dous fragmentos (en 3/8 e 2/8) para ler ritmicamente apoiados por un vídeo no que **Argen** amósanos como temos que medir mantendo o pulso. Son exemplos de como teñen que ser todas as lecturas do seguinte apartado.

- **Practicamos!:** fragmentos rítmicos nos compases traballados, organizados en sete sesións con 4 ou 5 exercicios cada un. AS primeiras 4 sesións con compases a un pulso, A 5ª e a 6ª sesión aparecen figuracións de fusas, e practicaremos a subdivisión. E a última sesión é repaso. A organización está baseada na dificultade dos exercicios indo de menor a maior. Para practicalas podemos empregar unha por sesión, enviando como traballo para casa o estudo da seguinte. Empregarase o metrónomo na medida do posible.

- ◆ **PRÁCTICA VOCAL:** **Argen** con gafas de sol e a boca aberta (a modo de canto) preséntanos a destreza.

- **Quecendo motores:** traballamos a respiración e a relaxación para a práctica vocal en profundidade. Aparecen exercicios para cada unha, con debuxos explicativos. Estes exercicios serán exemplos a realizar durante todas as sesións do curso antes de cantar.
- **Dejeños vocais:** traballamos a entoación dos intervalos para favorecer a audición e diferenciación dos mesmos, traballo imprescindible para a execución dos ditados.
- **Entoación:** neste apartado inclúense 6 melodías *a capella*, sempre formadas por unha frase de 8 compases. Son melodías sinxelas nas que buscamos que o alumnado profunde na afinación e correcta interpretación de interválicas no rexistro tonal. Todas elas van acompañadas de dous audios: un coa escala da tonalidade na que se atopa, e outro coa melodía. O proceso sería: lectura rítmica do fragmento; entoación da escala e arpejo da tonalidade; interpretación da melodía individualmente ou en grupo de 2 ou 3 e finalmente escoita do audio e interpretación conxunta da clase con el.
  - **Un pouco de Historia...:** A melodía 6 das entoacións, é un fragmento extraído da **Sinfonía Fantástica** de **HECTOR BERLIOZ**. Aquí incluimos información sobre a obra (con enlaces a vídeos de YouTube onde escoitaremos a obra interpretada por unha orquestra) e o compositor (con enlaces á Wikipedia, para completar información).

Un bal, Berlioz; Orquestra Sinfónica Verum.

<https://www.youtube.com/watch?v=lyb8VPbKvPg>

Hector Berlioz

[https://es.wikipedia.org/wiki/Hector\\_Berlioz](https://es.wikipedia.org/wiki/Hector_Berlioz)

Con este apartado preténdese introducir ao alumnado no coñecemento da Historia da Música, así como fomentar a escoita de obras clásicas, moi descoñecidas na franxa de idade que nos ocupa. Ademais introducir unha paréntese destas características nas clases pode motivar ao alumnado de forma moi positiva.

- **Con acompañamento:** a interpretación con acompañamento é importante no desenvolvemento do oído e memoria musical. Son 4 partituras con dous audios; un da melodía e o acompañamento e outro só do acompañamento. O procedemento de estudo sería: lectura rítmica, interpretación conxunto co primeiro audio, e despois de forma individual ou en grupos de 2 ou 3 a interpretación co segundo audio.
- ◆ **PRÁCTICA AUDITIVA:** *Argen* con cascos e gafas de sol preséntanos a destreza.
  - **Esquemas auditivos:** comezamos a práctica auditiva escoitando intervalos. Aquí aparecen audios e na retroacción as partituras para facilitar o recoñecemento. A formulación é escoitalos varias veces e facer unha pequena proba entre toda a clase con outros exemplos que o docente pode facer no piano. Unha vez que vexamos que está bastante claro pasamos ao exercicio.
    - **Practicamos!:** un exercicio de completa con lista despregable na que o alumnado terá que recoñecer os intervalos que están a soar; na lista están incluídos intervalos a maiores para que sexa máis completo.
  - **Ditado:** O ditado estará presente durante todo o curso, xa que é un elemento imprescindible na práctica auditiva e forma parte do exame de Proba de Acceso ao Grao Profesional. En cada unidade hai 4 ditados en formato de audio que segue o esquema: ditado completo, escala, arpechio e acordes e a secuencia de repeticións. O alumnado debería escoitalo unha soa vez.

- ◆ **REFORZO/AMPLIACIÓN:** actividades de intervalos para reforzo e ampliación dependendo do alumnado. Son actividades para escribir na libreta e poden ser individuais ou en grupo, e tanto para facer na clase como para casa.
  - **Xogamos!:** inclúe dous apartados; no primeiro aparece un Rosco, onde a partir de definicións, audios e imaxes o alumnado completa todo o abecedario e serve como recordatorio dos contidos traballados ata o momento. Non incluímos a letra J por non ser axeitado para o galego. No segundo apartado aparece un libro interactivo LIM, con actividades máis lúdicas sobre os contidos da unidade: unha sopa de letras, unha adiviñanza, clasificación de audios e un quebracabezas.
- ◆ **DOCUMENTACIÓN:** neste apartado inclúense documentos de uso para o docente ou a familia (Referencia dos contidos multimedia, Documento técnico en galego e en castelán, Manual de uso e a presente Guía Didáctica).

## Solucionario

### Verdadeiro ou Falso (intervalos)


1. Este intervalo é unha 4ª Xusta. **False**
2. Este intervalo é unha 3ª Maior. **True**
3. Este intervalo é unha 6ª Maior. **True**
4. Este intervalo é unha 2ª. **False**

### Imos construír intervalos


1. Forma un intervalo de 5ª Xusta ascendente




2. Forma un intervalo 3ª menor descendente



3. Forma un intervalo de 4ª Aumentada descendente



4. Forma un intervalo de 2ª Maior ascendente



### Clasificamos intervalos

O intervalo é unha 6ª menor , harmónico , alterado, disxunto e simple.

Ao ser unha 10ª é un intervalo composto, ademais de ascendente e natural

É un intervalo de 3ª menor descendente, simple, disxunto e natural. Ademais, ao non soar á vez é melódico .

Este intervalo é unha 2ª aumentada, polo que é o único intervalo que é conxunto . Ademais é ascendente, melódico e simple. Como unha das súas notas ten un sostido, é un intervalo alterado .

Este intervalo é descendente e este ascendente, mentres que neste non podemos definir a súa dirección.

### Que sabemos das enharmonías?

Dúas notas enharmónicas teñen o mesmo son pero diferente nome. Todas as notas teñen dúas notas enharmónicas, excepto Sol# e Lab que só teñen unha.

As notas enharmónicas de ... son Reb e Six.

As de ... son La# e Dobb. As enharmonías de ... son Rex e Fab.

Traballando coa libreta

3ª M      7ª m      2ª M      4ª X      3ª M      2ª M

5ª D      3ª m      6ª M      2ª M      6ª m      7ª M

2ª M      3ª M      7ª M      3ª A      5ª X      5ª X

4ª A      4ª D      3ª A      8ª X      6ª m      4ª X

Seguimos coa libreta

5ª D      4ª A      4ª D      5ª A      3ª M      6ª m

5ª X      4ª X      5ª D      4ª A      4ª A      5ª D

4ª A      5ª D      3ª A      6ª D      3ª M      6ª m

5ª D      4ª A      2ª m      7ª M      5ª X      4ª X

3ª m      6ª M      5ª D      4ª A      2ª M      7ª m





Ampliación

2ª M      7ª m      2ª M      2ª M      5ª X      6ª D

2ª A      4ª D      5ª A      4ª X      3ª M      2ª A

4ª D      5ª DD      3ª A      3ª A      4ª X      7ª m

O rosco dos intervalos




Lim

1. Unha sopiña de intervalos

As 4º, 5ª e 8ª poden ser Xustas.  
 O intervalo mi-sol é unha 3ª menor  
 O intervalo do-la é unha sexta maior  
 Característica: Especie

Distancia entre dúas notas.  
Intervalo  
 O 3/8 é un compás a un pulso  
 División do pulso. Subdivisión



2. Un quebracabezas da escala de Do e os seus intervalos.

## Rúbrica: avaliación

	Mal (1)	Suficiente (3)	Excelente (5)	(*)
<b>Saber formar, analizar, investir, entoar e recoñecer auditivamente un intervalo.</b>	Ten dificultades con todos os aspectos dos intervalos, sobre todo, coa clasificación e identificación dos mesmos o que lle dificulta entoalos e recoñecelos auditivamente.	Sabe analizar e clasificar un intervalo, pero ten algunha dificultade para investilo. Sabe entoalos pero recoñecelos lle supón máis esforzo.	Sabe formar, analizar e investir un intervalo correctamente. Non ten dificultades para recoñecelos auditivamente e sabe entoalos.	
<b>Saber identificar as enharmonías e empregar as alteracións dobres.</b>	Non comprende nin identifica as enharmonías.	Comprende o que son as enharmonías e as alteracións dobres pero ten dificultade para identificalas.	Recoñece e emprega as alteracións dobres para as enharmonías.	
<b>Ler con soltura e mantendo o pulso fragmentos con fórmulas rítmicas e compases traballados.</b>	Ten moitas dificultades de lectura nas claves de Sol e Fa en 4ª; non consegue manter o pulso e os compases e as fórmulas rítmicas traballadas non as consegue facer correctamente.	Le con soltura en clave de Sol pero ten dificultades na clave de Fa en 4ª; algunhas das fórmulas rítmicas non as executa correctamente.	Le con soltura nas claves de Sol e Fa en 4ª, mantendo o pulso, nos compases traballados e executa con corrección as fórmulas rítmicas.	
<b>Entoar con exactitude rítmica e afinación melodías con ou sen acompañamento.</b>	Non consegue entoar melodías con ou sen acompañamento.	Consegue entoar a melodía, mellor con acompañamento, pero con pouca exactitude na afinación.	Entoa con exactitude rítmica e con boa afinación melodías con ou sen acompañamento.	
<b>Saber representar graficamente unha melodía escoitada.</b>	Non sabe reproducir por escrito unha melodía escoitada, nin o ritmo nin as notas.	Identifica o compás e deseños rítmicos pero ten dificultade para representar as alturas das notas dunha melodía escoitada.	Sabe reproducir por escrito unha melodía escoitada despois do proceso repeticións establecidos (Ditado).	
<b>Asimilar os contidos traballados na unidade</b>	Non ten asimilado ningún dos contidos traballados na unidade.	Algúns contidos os ten memorizados, pero outros fáltalle asimilalos.	Ten memorizados e asimilados todos os contidos traballados na unidade.	

UD 3: A TONALIDADE	
OBXECTIVOS XERAIS /ESPECÍFICOS	<p>α), b), c), d), e) f), h)</p> <p>α), b), c), d), e), f), g)</p>
OBXECTIVOS ESPECÍFICOS	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Coñecer o círculo de 5ª e a súa utilidade en referencia ás tonalidades.</li> <li>• Saber identificar tonalidades e armaduras.</li> <li>• Coñecer e saber as tonalidades relativas.</li> <li>• Identificar os tipos de equivalencia e saber executalas.</li> <li>• Ler fragmentos nos compases traballados ata o momento, incluíndo equivalencias.</li> <li>• Coñecer os pasos a seguir para realizar unha boa articulación e vocalización para a interpretación vocal.</li> <li>• Entoar melodías con ou sen acompañamento.</li> <li>• Reproducir graficamente melodías escoitadas.</li> </ul>
COMPETENCIASCLAVE	CCL, CM, CCIF, CCID, CAA, CSC, CAIP, CCA.
CONTIDOS	<p><b>FUNDAMENTOS TEÓRICOS</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Tonalidades: armaduras e relativos. O círculo de 5ª.</li> </ul> <p><b>FUNDAMENTOS DO TRATAMENTO DO RITMO</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Coñecemento, identificación e práctica de equivalencias orixinadas por cambio de compás (pulso=pulso; figura=figura)</li> <li>• Coñecemento, identificación e práctica de fórmulas rítmicas binarias e ternarias que inclúan ata a fusa e o seu silencio.</li> <li>• Práctica de lecturas rítmicas nas claves de Sol e Fa en 4ª nos compases e fórmulas rítmicas traballados.</li> </ul> <p><b>FUNDAMENTOS DO TRATAMENTO DA VOZ</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Articulación e vocalización</li> <li>• Interpretación vocal de melodías a unha voz en tonalidades ata 1 alteración.</li> </ul> <p><b>AUDICIÓN</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Identificación auditiva e reprodución escrita de ditados a unha voz.</li> <li>• Diferenciación auditiva entre o modo maior e modo menor.</li> </ul>
CRITERIOS DE AVALIACIÓN	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Saber identificar armaduras, tonalidades e relativas.</li> <li>• Saber o círculo de 5ª e empregalo na busca das tonalidades.</li> <li>• Ler con soltura e mantendo o pulso fragmentos con equivalencias.</li> <li>• Entoar con exactitude rítmica e afinación melodías con/ sen acompañamento</li> <li>• Saber representar graficamente unha melodía escoitada.</li> <li>• Asimilar os contidos traballados na unidade.</li> </ul>

Esta unidade está pensada para traballar durante 8-10 sesións (dependendo do avance do grupo), e está formada por contidos que xa foron traballados no 3º G.E. (a tonalidade) pero que son imprescindibles para seguir coa materia; e por contidos novos como as equivalencias figura=figura.

Os apartados son os seguintes:

- ◆ **A TONALIDADE:** *Argen* expón o que imos traballar en toda unidade a modo de introdución. É importante que o alumnado estea informado en todo momento de que pasos imos seguir e levar unha organización do traballo, o que fomenta o desenvolvemento da Competencia Clave de autonomía persoal.
- ◆ **TEORÍA:** *Argen* fai a presentación dos contidos a traballar, que neste caso será a tonalidade, que xa coñecen, posto que son contidos mínimos do curso anterior, pero que é necesario repasar e profundar neles, porque a idade do alumnado o require, xa que son conceptos bastante abstractos para a operación concreta (**Piaget**) na que se atopan. Como xa temos referencia de en que punto de asimilación do contido se topan, podemos facelos partícipes da explicación.
  - **A tonalidade:** definición de tonalidade e modalidade para centrar ao alumnado na terminoloxía específica. Todo con partituras e audios. Facemos unha comparativa entre as tonalidades na pintura e na música para achegar o concepto o alumnado, porque , como xa dixemos no punto anterior, este conceptos son abstractos para súa idade e tardarán tempo en comprendelos. Polo momento, o traballarán dun xeito mecánico.
    - **○ círculo de 5ª:** elemento imprescindible para a explicación de tonalidades; aparecen debuxos do mesmo en dous formatos para facilitar a comprensión. Empregaremos este sistema por defecto para buscar tonalidades e armaduras posto que é o máis sinxelo de lembrar para o alumando.
    - **Un atalle:** aquí aparece explicado o sistema de busca de armaduras máis rápido, posto que non require escribilo, pero o alumando tende a esquecerlo con facilidade ata chegar ao Grao Profesional, onde xa teñen capacidade para buscar os seus propios sistemas.
    - **Tonalidades; relativa:** o máis difícil é que saiban realizar correctamente o intervalo de 3ª menor para non ter equívocos nas armaduras.
    - **Vídeo Interactivo:** neste vídeo inclúense todas as explicacións anteriores, a modo de “explicación na clase”, o que pode facilitar a comprensión de moitos dos

conceptos; ademais inclúense exercicios directamente relacionados co que acaban de escoitar, recurso que fará que o contido sexa máis asimilado.

- **Exercicios:** *Argen* presenta o tipo de exercicios que imos realizar, tanto interactivos como empregando a libreta, xa que é necesaria á práctica da escritura musical.
  - **Verdadeiro ou falso?:** baséase en afirmacións sobre as tonalidades e os relativos; o alumnado quizá necesite a libreta para escribir o círculo de 5ª ou pode empregar o atallo. Ao facelo o propio exercicio explícalle o porque da resposta.
  - **Tonalidades e relativos:** exercicio de pregunta resposta con 3 opcións posibles, baseado na busca de armaduras e relativo; o mesmo que no anterior exercicio, o alumnado poderá precisar da libreta para completalo correctamente; ao responder tamén recibirán unha explicación.
  - **Un pouco máis sobre tonalidades:** seguimos insistindo nas armaduras cun formato de completa con lista despregable. Ao finalizar poderán comprobar as respostas e saber a puntuación.
  - **O círculo de 5ª:** unha lista desordenada no que o alumando terá que ordenar o ciclo dos bemois.
  - **Adiviña e xoga coas tonalidades:** unha vez realizados todos os exercicios chegamos a este xogo, que servirá para traballar o mesmo pero de xeito máis lúdico. Ten formato de adiviñar palabras (con algunhas letras dadas), cun tempo para cada unha delas e cun resultado final. Podemos facer unha pequena competición na clase.
  - **Ficheiro; adxunto:** neste apartado inclúense actividades para imprimir (tonalidades, armaduras e relativos) que poden ser empregados como tarefas de casa. Son un complemento para seguir traballando.
- ◆ **RITMO:** *Argen* con batuta preséntanos o traballo rítmico que imos realizar.
  - **Deseños rítmicos:** explicación das equivalencias con partituras e audios. Seguimos traballando a Competencia Matemática, a través da relación das figuras nos cambios de compás.
    - **Practicamos!:** imos practicar a equivalencia figura=figura, posto que a do pulso xa a coñecemos de cursos anteriores. Este fragmento está apoiado por vídeos que permiten ao alumnado seguir a lectura mantendo o pulso e sabendo en cada

momento onde se atopa. Estas secuencias poden facerse con sílabas, con palmas e o alumnado pode propoñer algunha secuencia de percusión corporal.

- **Lectura rítmica:** dous fragmentos (equivalencia pulso=pulso e figura= figura) para ler ritmicamente apoiados por un vídeo no que **Argen** amósanos como temos que medir realizando correctamente as equivalencias. Son exemplos de como teñen que ser todas as lecturas do seguinte apartado.

- **Practicamos!:** fragmentos rítmicos nos compases traballados, organizados en sete sesións con 4 ou 5 exercicios cada un. As primeiras 4 sesións son para a prácticas das equivalencias (2 para cada tipo); e as 3 últimas son repaso de todo o traballado ata o momento. A organización está baseada na dificultade dos exercicios indo de menor a maior. Para practicalas podemos empregar unha por sesión, enviando como traballo para casa o estudo da seguinte. Empregarase o metrónomo na medida do posible.

- ◆ **PRÁCTICA VOCAL:** **Argen** con gafas de sol e a boca aberta (a modo de canto) preséntanos a destreza.

- **Quecendo motores:** traballamos a articulación e a vocalización con exemplos (partituras e audios). Estes exercicios serán exemplos a realizar durante todas as sesións do curso antes de cantar.
- **Dejeños vocais:** traballamos a entoación de escalas maiores e menores para favorecer a audición e diferenciación dos mesmos, traballo imprescindible para a execución dos ditados.
- **Entoación:** neste apartado inclúense 6 melodías *a capella*, sempre formadas por unha frase de 8 compases. Son melodías sinxelas nas que buscamos que o alumnado profunde na afinación e correcta interpretación de interválicas no rexistro tonal. Todas elas van acompañadas de dous audios: un coa escala da tonalidade na que se atopa, e outro coa melodía. O proceso sería: lectura rítmica do fragmento; entoación da escala e arpejo da tonalidade; interpretación da melodía individualmente ou en grupo de 2 ou 3 e finalmente escoita do audio e interpretación conxunta da clase con el.
  - **Con acompañamento:** a interpretación con acompañamento é importante no desenvolvemento do oído e memoria musical. Son 4 partituras con dous audios; un da melodía e o acompañamento e outro só do acompañamento. O procedemento de estudo sería: lectura rítmica, interpretación conxunto co primeiro audio, e despois de forma individual ou en grupos de 2 ou 3 a interpretación co segundo audio.



- ◆ **PRÁCTICA AUDITIVA:** *Argen* con cascos e gafas de sol preséntanos a destreza.
  - **Esquemas auditivos:** comezamos a práctica auditiva diferenciando os modos maior e menor, primeiro paso para recoñecer cada unha das tonalidades e escalas que traballaremos na seguinte UD. Aquí aparecen audios e na retroacción as partituras para facilitar o recoñecemento. A formulación é escoitalos varias veces e facer unha pequena proba entre toda a clase con outros exemplos que o docente pode facer no piano. Unha vez que vexamos que está bastante claro pasamos ao exercicio.
    - **Practicamos!:** un exercicio de completa con lista despregable na que o alumnado terá que recoñecer se as escalas ou arpeixos que escoita son maiores ou menores.
  - **Ditado:** O ditado estará presente durante todo o curso, xa que é un elemento imprescindible na práctica auditiva e forma parte do exame de Proba de Acceso ao Grao Profesional. En cada unidade hai 4 ditados en formato de audio que segue o esquema: ditado completo, escala, arpeixio e acordes e a secuencia de repeticións. O alumnado debería escoitalo unha soa vez.
    - **Un pouco de Historia...:** O ditado 1 é un fragmento extraído da **Sinfonía do Novo Mundo** de **ANTON DVORAK**. Aquí incluímos información sobre a obra (con enlaces a vídeos de YouTube onde escoitaremos a obra interpretada por unha orquestra) e o compositor (con enlaces á Wikipedia, para completar información).

Largo, Dvorak

<https://www.youtube.com/watch?v=mmd-FaLA2Rw>

Anton Dvorak

[https://es.wikipedia.org/wiki/Anton%C3%ADn\\_Dvo%C5%99%C3%A1k](https://es.wikipedia.org/wiki/Anton%C3%ADn_Dvo%C5%99%C3%A1k)

Con este apartado preténdese introducir ao alumnado no coñecemento da Historia da Música, así como fomentar a escoita de obras clásicas, moi descoñecidas na franxa de idade que nos ocupa. Ademais introducir unha paréntese destas características nas clases pode motivar ao alumnado de forma moi positiva.

- ◆ **REFORZO/AMPLIACIÓN:** actividade de armaduras e tonalidades, tanto para reforzo como ampliación dependendo do alumnado. Son actividades para escribir na libreta e poden ser individuais ou en grupo, e tanto para facer na clase como para casa.
  - **Xogamos!:** un libro interactivo LIM, con actividades máis lúdicas sobre os contidos da unidade: unha adiviñanza, clasificacións con audios e imaxes, entre outras.
- ◆ **DOCUMENTACIÓN:** neste apartado inclúense documentos de uso para o docente ou a familia (Referencia dos contidos multimedia, Documento técnico en galego e en castelán, Manual de uso e a presente Guía Didáctica).

## Solucionario

### Verdadeiro ou falso

1. Esta armadura corresponde a Sol M. **Falso**
2. O relativo menor de Solb M é Mib m. **Verdadeiro**
3. La M ten 2 sostidos como armadura. **Falso**
4. A tonalidade menor desta armadura é Fa m. **Verdadeiro**
5. O ciclo de 5ª dos sostidos comeza en SOL. **Falso**
6. As tónicas das tonalidades relativas maiores e menores están distancia de 3ª Maior. **Falso**
7. Un bemol na armadura indícanos que estamos en Fa Maior. **Verdadeiro**
8. A armadura colócase despois da clave e do compás. **Falso**

### Tonalidades e relativos

1. Que tonalidades teñen 5#? **Si M e sol# m**
2. Cal é a tonalidade relativa de sol menor? **Sib M**
3. Cal é a armadura de Fa# m? **1 bemol**
4. Que tonalidade se corresponde con esta armadura? **Re m**
5. Que alteracións conforman a armadura de Mib M? **Sib Mib Lab**

### Un pouco máis sobre tonalidades

A tonalidade é a relación dos graos dunha escala coa súa tónica . Ademais, a modalidade, que pode ser **maior** ou menor, é a disposición dos tons e semitóns nunha escala.

A armadura é o conxunto de alteracións que se colocan entre a clave e o compás e afectan a toda a partitura.

Para saber a armadura e as tonalidades empregaremos o ciclo de 5ª .

As tonalidades relativas están a distancia de 3ª menor e sempre teñen a mesma armadura. Por exemplo, o relativo de Fa M é re m , ou o relativo de sol m é Sib M .

A orde dos sostidos é FA DO SOL RE LA MI SI , e a dos bemois SI MI LA RE SOL DO FA .

Fa M ten 1 bemol que é Sib . Sol M ten 1 sostido que é Fa .

Esta armadura corresponde ás tonalidades de Solb M e Mib m .

Esta armadura corresponde ás tonalidades de La M e Fa# m .

### O ciclo de 5ª

SI MI LA RE SOL DO FA

Escoitamos tonalidades maiores e menores

É un arpexio dunha tonalidade menor, Re menor.  
O que agora soa é unha escala dunha tonalidade maior, Fa Maior.  
Neste podemos escoitar un arpexio maior, La Maior .  
É unha escala menor, Sol menor.

Ditado

1. 

2. 

3. 

4. 

Reforzo/Ampliación tonalidades

Mib Maior  
Do menor

Solb Maior  
Mib menor

Mi menor  
Sol Maior

Mi Maior  
Do# menor

Fa Maior  
Re menor

Si menor  
Re Maior

La b Maior  
Fa menor

Si Maior  
Sol# menor

La Maior  
Fa# menor

## Rúbrica: avaliación

	Mal (1)	Suficiente (3)	Excelente (5)	(*)
<b>Saber identificar armaduras, tonalidades e relativas.</b>	Ten dificultades con todos os aspectos relacionados coas tonalidades: non sabe as armaduras e tampouco as tonalidades relativas.	Identifica as tonalidades e as armaduras pero ten problemas coas tonalidades relativas.	Identifica as tonalidades e armaduras sen dificultade e as relaciona sen problema coas tonalidades relativas.	
<b>Saber o círculo de 5ª e empregalo na busca das tonalidades.</b>	Non comprende o círculo de 5ª e tampouco sabe usalo.	Sabe o círculo de 5ª pero non chega a comprender a súa utilidade.	Recoñece o círculo de 5ª e o emprega con éxito para as tonalidades.	
<b>Ler con soltura e mantendo o pulso fragmentos con fórmulas rítmicas e compases, con equivalencias.</b>	Ten moitas dificultades de lectura nas claves de Sol e Fa en 4ª; non consegue manter o pulso e non sabe realizar ningunha das equivalencias.	Le con soltura en clave de Sol pero ten dificultades na clave de Fa en 4ª; realiza correctamente a equivalencia pulso=pulso pero non a de figura=figura.	Le con soltura nas claves de Sol e Fa en 4ª, mantendo o pulso, nos compases traballados e executa con corrección as equivalencias.	
<b>Entoar con exactitude rítmica e afinación melodías con ou sen acompañamento.</b>	Non consegue entoar melodías con ou sen acompañamento.	Consegue entoar a melodía, mellor con acompañamento, pero con pouca exactitude na afinación.	Entoa con exactitude rítmica e con boa afinación melodías con ou sen acompañamento.	
<b>Saber representar graficamente unha melodía escoitada.</b>	Non sabe reproducir por escrito unha melodía escoitada, nin o ritmo nin as notas.	Identifica o compás e deseños rítmicos pero ten dificultade para representar as alturas das notas dunha melodía escoitada.	Sabe reproducir por escrito unha melodía escoitada despois do proceso repeticións establecidos (Ditado).	
<b>Asimilar os contidos traballados na unidade</b>	Non ten asimilado ningún dos contidos traballados na unidade.	Algúns contidos os ten memorizados, pero outros fáltalle asimilalos.	Ten memorizados e asimilados todos os contidos traballados na unidade.	

UD 4: A MODALIDADE	
OBXECTIVOS XERAIS /ESPECÍFICOS	α), b), c), d), e) f), h) α), b),,, d), e), f), g)
OBXECTIVOS ESPECÍFICOS	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Recoñecer e saber executar os distintos tipos de escalas maiores e menores.</li> <li>• Saber identificar os graos tonais e modais e saber a súa función dentro da escala.</li> <li>• Ler fragmentos nos compases traballados ata o momento.</li> <li>• Lembrar e executar con claridade os pasos a seguir para realizar unha boa preparación para a interpretación vocal.</li> <li>• Entoar melodías con ou sen acompañamento.</li> <li>• Reproducir graficamente melodías escoitadas.</li> </ul>
COMPETENCIASCLAVE	CCL, CM, CCIF, CCID, CAA, CSC, CAIP, CCA.
CONTIDOS	<p><b>FUNDAMENTOS TEÓRICOS</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Modalidade: tipos de escala; graos tonais e modais..</li> </ul> <p><b>FUNDAMENTOS DO TRATAMENTO DO RITMO</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Coñecemento, identificación e práctica de compases simples de unidade de branca (2/2, 3/2, 4/2)</li> <li>• Coñecemento, identificación e práctica de fórmulas rítmicas binarias e ternarias que inclúan ata a fusa e o seu silencio.</li> <li>• Práctica de lecturas rítmicas nas claves de Sol e Fa en 4ª nos compases e fórmulas rítmicas traballados.</li> </ul> <p><b>FUNDAMENTOS DO TRATAMENTO DA VOZ</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Respiración, relaxación, articulación e vocalización</li> <li>• Interpretación vocal de melodías a unha voz en tonalidades ata 1 alteración.</li> </ul> <p><b>AUDICIÓN</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Identificación auditiva e reprodución escrita de ditados a unha voz.</li> <li>• Diferenciación auditiva dos distintos tipos de escalas maiores e menores.</li> <li>• Sensibilización e identificación das funcións dos graos tonais e modais.</li> </ul>
CRITERIOS DE AVALIACIÓN	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Saber identificar cada un dos tipos das escalas maiores e menores e saber executalas.</li> <li>• Identificar correctamente os graos tonais e modais da escala e saber a súa función.</li> <li>• Ler con soltura e mantendo o pulso fragmentos cos compases traballados.</li> <li>• Entoar con exactitude rítmica e afinación melodías con/ sen acompañamento</li> <li>• Saber representar graficamente unha melodía escoitada.</li> <li>• Asimilar os contidos traballados na unidade.</li> </ul>

Para terminar a 1ª avaliación, comezaremos a traballar as escalas, e a continuaremos na volta das vacacións, xa que necesitaremos 8 sesións.

Como estamos cerca do período do Nadal, algunhas sesións poden empregarse para a práctica dalgunha panxoliña, que traballaremos seguindo as pautas do explicado na entoación. Intentaremos buscar melodías a dúas voces ou en canon para fomentar a actividade en grupo.

Os apartados son os seguintes:

- ◆ **A MODALIDADE:** *Argen* expón o que imos traballar en toda unidade a modo de introdución. É importante que o alumnado estea informado en todo momento de que pasos imos seguir e levar unha organización do traballo, o que fomenta o desenvolvemento da Competencia Clave de autonomía persoal.
- ◆ **TEORÍA:** *Argen* fai a presentación dos contidos a traballar, que neste caso será a modalidade, referida a escalas e graos tonais e modais; xa traballaron en cursos anteriores os tipos de escala menores, pero os maiores non; os nomes dos graos tamén os coñecen pero non a diferenciación entre tonais e modais.
  - **As escalas:** definición de escala e explicación dos tipos, centrándonos nas diatónicas, que serán coas que traballemos este curso; as demais serán traballadas en profundidade no 1º curso de Grao Profesional.
    - **Graos das escalas:** explicación dos graos das escalas, cos seus nomes e as súas funcións; o alumnado coñece algún deles porque os usan dende os primeiros cursos (como tónica ou dominante) polo que é importante comezar a explicación dende ese punto. Aparece un cadro resumo con todos eles.
    - **Tipos de escalas:** aquí aparecen explicadas cada un dos tipos de escalas diatónicas en modo maior e menor, con exemplos e audios. Na retroacción aparece un cadro resumo, que incluiremos en todos os exercicios para que lles resulte máis doado memorizalas coa práctica.
    - **Vídeo Interactivo:** neste vídeo inclúense todas as explicacións anteriores, a modo de “explicación na clase”, o que pode facilitar a comprensión de moitos dos conceptos; ademais inclúense exercicios directamente relacionados co que acaban de escoitar, recurso que fará que o contido sexa máis asimilado.
  - **Exercicios:** *Argen* presenta o tipo de exercicios que imos realizar, tanto interactivos como empregando a libreta, xa que é necesaria á práctica da escritura musical.



- **Verdadeiro ou falso?:** baséase en afirmacións sobre os tipos de escala e os graos. Ao facelo o propio exercicio explícalle o porque da resposta.
  - **Graos e escalas:** exercicio de pregunta resposta con 3 opcións posibles, baseado como o seu nome indica nos contidos da unidade. Ao responder tamén recibirán unha explicación.
  - **Un pouco máis sobre tonalidades:** seguimos insistindo nas armaduras cun formato de completa con lista despregable. Ao finalizar poderán comprobar as respostas e saber a puntuación.
  - **O; graos da escala:** unha lista desordenada no que o alumando terá que ordenar os nomes dos graos da escala dende o primeiro grao.
  - **Traballamos coa libreta:** un traballo de identificación e formación de escalas que o alumnado terá que facer na libreta; así practicamos a escritura das mesmas e poden facelo individualmente ou en pequenos grupos de 2 ou 3. Pode ser unha tarefa para casa ou para facer en clase.
  - **Xogamos coas escalas:** unha vez realizados todos os exercicios chegamos a este xogo, que servirá para traballar o mesmo pero de xeito máis lúdico. Ten formato de pregunta-resposta con 4 opcións posibles cun tempo para cada unha delas e cun resultado final. Podemos facer unha pequena competición na clase.
  - **Ficheiros adxuntos:** neste apartado seguimos traballando na formación e identificación de escalas con un ficheiro para imprimir que pode ser empregado como tarefas de casa. Son un complemento para seguir traballando.
- ◆ **RITMO:** *Argen* con batuta preséntanos o traballo rítmico que imos realizar.
- **Deseños rítmicos:** explicación dos compases simples en unidade de branca (2/2, 3/2, 4/2) con partituras e audios. Seguimos traballando a Competencia Matemática, a través do compás-fracción e os seus elementos.
    - **Practicamos!:** imos practicar os compases simples/branca, que comezamos o ano anterior, pero neste curso serán traballamos máis profundamente. Estes fragmentos están apoiados por vídeos que permiten ao alumnado seguir a lectura mantendo o pulso e sabendo en cada momento onde se atopa. Estas secuencias poden facerse con sílabas, con palmas e o alumnado pode propoñer algunha secuencia de percusión corporal.
  - **Lectura rítmica:** tres fragmentos (un por cada compás simple/branca) para ler rítmicamente apoiados por un vídeo no que *Argen* amósanos como temos que medir

realizando correctamente o movementado da man. Son exemplos de como teñen que ser todas as lecturas do seguinte apartado.

- **Practicamos!:** fragmentos rítmicos nos compases traballados, organizados en sete sesións con 3, 4 ou 5 exercicios cada un. As primeiras 5 sesións son para a práctica dos compases desta unidade ( dous para o 2/2 e 3/2 e unha para o 4/2) e as 2 últimas son repaso de todo o traballado ata o momento. A organización está baseada na dificultade dos exercicios indo de menor a maior. Para practicalas podemos empregar unha por sesión, enviando como traballo para casa o estudo da seguinte. Empregarase o metrónomo na medida do posible.

◆ **PRÁCTICA VOCAL:** *Argen* con gafas de sol e a boca aberta (a modo de canto) preséntanos a destreza.

- **Quecendo motores:** neste apartado insistimos no visto nas anteriores unidades. Elixiremos algúns dos exemplos que xa traballamos antes de comezar a entoación.
- **Deseños vocais:** cantamos os distintos tipos de escala para favorecer a súa identificación auditivamente, traballo moi importante para a execución dos ditados.
- **Entoación:** neste apartado inclúense 6 melodías *a capella*, sempre formadas por unha frase de 8 compases. Son melodías sinxelas nas que buscamos que o alumnado profunde na afinación e correcta interpretación de interválicas no rexistro tonal. Todas elas van acompañadas de dous audios: un coa escala da tonalidade na que se atopa, e outro coa melodía. O proceso sería: lectura rítmica do fragmento; entoación da escala e arpexio da tonalidade; interpretación da melodía individualmente ou en grupo de 2 ou 3 e finalmente escoita do audio e interpretación conxunta da clase con el.
  - **Un pouco de Historia...:** A melodía 1 é o tema principal da obra **Pequena Serenata Nocturna** de **WOLFGANG AMADEUS MOZART**, mentres que a melodía 4 é un dos temas máis recoñecidos da Sinfonía nº 40 do mesmo compositor; incluimos información sobre a obra (con enlaces a vídeos de YouTube onde escoitaremos a obra interpretada por unha orquestra) e o compositor (con enlaces á Wikipedia, para completar información).

**Pequena Serenata Nocturna, Mozart**

<https://www.youtube.com/watch?v=wVSPUZR5NxE>

**Sinfonía nº 40, 1º mov., Mozart, Wiener Philharmoniker**

<https://www.youtube.com/watch?v=yxYMzLgDWOs>

W. A. Mozart

[https://es.wikipedia.org/wiki/Wolfgang\\_Amadeus\\_Mozart](https://es.wikipedia.org/wiki/Wolfgang_Amadeus_Mozart)

Con este apartado preténdese introducir ao alumnado no coñecemento da Historia da Música, así como fomentar a escoita de obras clásicas, moi descoñecidas na franxa de idade que nos ocupa. Ademais introducir unha paréntese destas características nas clases pode motivar ao alumnado de forma moi positiva.

- **Con acompañamento:** a interpretación con acompañamento é importante no desenvolvemento do oído e memoria musical. Son 4 partituras con dous audios; un da melodía e o acompañamento e outro só do acompañamento. O procedemento de estudo sería: lectura rítmica, interpretación conxunto co primeiro audio, e despois de forma individual ou en grupos de 2 ou 3 a interpretación co segundo audio.

◆ **PRÁCTICA AUDITIVA:** *Argen* con cascos e gafas de sol preséntanos a destreza.

- **Esquemas auditivos:** comezamos a práctica auditiva diferenciando os distintos tipos de escalas maiores e menores. Aquí aparecen audios e as partituras para facilitar o recoñecemento. A formulación é escoitalos varias veces e facer unha pequena proba entre toda a clase con outros exemplos que o docente pode facer no piano. Unha vez que vexamos que está bastante claro pasamos ao exercicio.
  - **Practicamos!:** un exercicio de pregunta con 3 opcións posibles de resposta, en que cada enunciado é un audio dun tipo de escala.
- **Ditado:** O ditado estará presente durante todo o curso, xa que é un elemento imprescindible na práctica auditiva e forma parte do exame de Proba de Acceso ao Grao Profesional. En cada unidade hai 4 ditados en formato de audio que segue o esquema: ditado completo, escala, arpexo e acordes e a secuencia de repeticións. O alumnado debería escoitalo unha soa vez.

◆ **REFORZO/AMPLIACIÓN:** actividade de identificación e formación de escalas; no caso do reforzo indicamos a armadura, mentres que na ampliación as alteracións propias van na propia escala. Son actividades para escribir na libreta e poden ser individuais ou en grupo, e tanto para facer na clase como para casa.

- **Xogamos!:** con dous apartados; no primeiro un rosco que inclúe definicións de contidos traballados desde o comezo de curso; no segundo un libro interactivo LIM, con

actividades máis lúdicas sobre os contidos da unidade: clasificacións con audios e imaxes e un quebracabezas, entre outras.

- ◆ **DOCUMENTACIÓN**: neste apartado inclúense documentos de uso para o docente ou a familia (Referencia dos contidos multimedia, Documento técnico en galego e en castelán, Manual de uso e a presente Guía Didáctica).

## Solucionario

### Verdadeiro ou falso?

1. Esta escala menor é harmónica. **Verdadeiro**
2. O IV grao da escala chámase Superdominante. **Falso**
3. Esta escala é o 2º tipo ou Mixta Principal. **Falso**
4. A sensible está a distancia dun ton da tónica. **Falso**
5. Os graos tonais de todas as escalas e a súa tónica manteñen sempre a mesma distancia. **Verdadeiro**

### Graos e escalas:

1. Cales son os graos modais de Sol M? **Si, Mi e Fa#**
2. Que outro nome recibe o 4º tipo da escala maior? **Mixolidia**
3. Que tipo de escala é? **Melódica**
4. Como se chama o VI grao dunha escala? **Superdominante**
5. Que tipo de escala é? **Mixta Secundaria**
6. Cal é a escala de La menor dórica?



7. Cales son os graos tonais de Si Maior? **Si, Mi, Fa#**
8. Cal é a escala de Sol Maior 2º tipo ou Mixta Principal?



### Os graos da escala

Tónica ▼

Supertónica ▲ ▼

Mediante/Modal ▲ ▼

Subdominante ▲ ▼

Dominante ▲ ▼


Superdominante ▲ ▼

Subtónica/Sensible ▲

Experimentando coas escalas



TONALIDADE: MI MAIOR  
TIPO DE ESCALA: 1º TIPO / NATURAL



TONALIDADE: MI MENOR  
TIPO DE ESCALA: HARMÓNICA




TONALIDADE: DO MENOR  
TIPO DE ESCALA: DÓRICA



TONALIDADE: LA B MAIOR  
TIPO DE ESCALA: 2º TIPO OU MIXTA PRINCIPAL



TONALIDADE: FA MAIOR  
TIPO DE ESCALA: 3º TIPO / MIXTA SECUNDARIA



TONALIDADE: SI MAIOR  
TIPO DE ESCALA: 4º TIPO OU MIXOLIDIA

Que tipo de escala está a escoitar?

1. Harmónica
2. 4º tipo ou Mixolidia
3. Melódica
4. Dórica
5. 3º tipo ou Mixta Secundaria
6. 2º tipo ou Mixta Principal
7. Dórica
8. Natural
9. Harmónica
10. Natural

Ditado



# A linguagem de **ARGEN**

2.

3.

4.

Reforzo: escalas

TONALIDADE: RE MENOR  
TIPO DE ESCALA: DÓRICA

TONALIDADE: SOL MAIOR  
TIPO DE ESCALA: 3º TIPO OU MIXTA SECUNDARIA

TONALIDADE: RE MAIOR  
TIPO DE ESCALA: 3º TIPO / MIXTA SECUNDARIA

TONALIDADE: FA# MENOR  
TIPO DE ESCALA: DÓRICA

TONALIDADE: SI MENOR  
TIPO DE ESCALA: DÓRICA

TONALIDADE: SOL MENOR  
TIPO DE ESCALA: HARMÓNICA



Ampliación: escalas



TONALIDADE: RE MAIOR  
TIPO DE ESCALA 2º TIPO / MIXTA PRINCIPAL



TONALIDADE: MI MENOR  
TIPO DE ESCALA HARMÓNICA



TONALIDADE: DO MAIOR  
TIPO DE ESCALA 2º TIPO / MIXTA PRINCIPAL



TONALIDADE: Sib MAIOR  
TIPO DE ESCALA 2º TIPO / MIXTA PRINCIPAL



TONALIDADE: LA MAIOR  
TIPO DE ESCALA 1º TIPO / MIXOLÍDIA



TONALIDADE: FA MAIOR  
TIPO DE ESCALA 1º TIPO / NATURAL

O rosco das escalas e algo máis



Lim

1. **Quebracabezas:** *Quen é o compositor de Pequena Serenata Nocturna?*





## Rúbrica: avaliación

	Mal (1)	Suficiente (3)	Excelente (5)	(*)
<b>Saber identificar cada un dos tipos das escalas maiores e menores e saber executalas.</b>	Ten dificultades con todos os aspectos relacionados coas escalas: non as coñece, non as sabe realizar e non as identifica.	Identifica os tipos de escalas menores, pero ten dificultades coas maiores; o mesmo ocorre ao executalas.	Identifica todos os tipos de escala, maiores e menores e sabe executalas.	
<b>Identificar correctamente os graos tonais e modais da escala e saber a súa función.</b>	Non sabe identificar os graos tonais e modais dunha escala.	Identifica os graos tonais e modais pero no comprende cal é a función de cada un deles.	Identifica os graos tonais e modais dunha escala e sabe cal é a función de cada un deles.	
<b>Ler con soltura e mantendo o pulso fragmentos con fórmulas rítmicas e compases simples/branca.</b>	Ten moitas dificultades de lectura nas claves de Sol e Fa en 4ª; non consegue manter o pulso e non sabe realizar os compases simples/branca	Le con soltura en clave de Sol pero ten dificultades na clave de Fa en 4ª; comprende os compases simples/branca pero ten algunha dificultade ao executalos.	Le con soltura nas claves de Sol e Fa en 4ª, mantendo o pulso, nos compases simples/branca.	
<b>Entoar con exactitude rítmica e afinación melodías con ou sen acompañamento.</b>	Non consegue entoar melodías con ou sen acompañamento.	Consegue entoar a melodía, mellor con acompañamento, pero con pouca exactitude na afinación.	Entoa con exactitude rítmica e con boa afinación melodías con ou sen acompañamento.	
<b>Saber representar graficamente unha melodía escoitada.</b>	Non sabe reproducir por escrito unha melodía escoitada, nin o ritmo nin as notas.	Identifica o compás e deseños rítmicos pero ten dificultade para representar as alturas das notas dunha melodía escoitada.	Sabe reproducir por escrito unha melodía escoitada despois do proceso repeticións establecidos (Ditado).	
<b>Asimilar os contidos traballados na unidade</b>	Non ten asimilado ningún dos contidos traballados na unidade.	Algúns contidos os ten memorizados, pero outros fáltalle asimilalos.	Ten memorizados e asimilados todos os contidos traballados na unidade.	

UD 5: OS ACORDES	
OBXECTIVOS XERAIS /ESPECÍFICOS	<p>α), b), c), d), e) f), h)</p> <p>α), b),,, d), e), f), g)</p>
OBXECTIVOS ESPECÍFICOS	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Recoñecer e saber executar os distintos tipos de acordes tríadas/cuatríada.</li> <li>• Saber identificar as distintas notas estrañas traballadas.</li> <li>• Saber analizar un fragmento nos aspectos harmónicos e melódicos básicos.</li> <li>• Ler fragmentos nos compases traballados ata o momento.</li> <li>• Lembrar e executar con claridade os pasos a seguir para realizar unha boa preparación para a interpretación vocal.</li> <li>• Entoar melodías con ou sen acompañamento.</li> <li>• Reproducir graficamente melodías escoitadas.</li> </ul>
COMPETENCIASCLAVE	CCL, CM, CCIF, CCID, CAA, CSC, CAIP, CCA.
CONTIDOS	<p><b>FUNDAMENTOS TEÓRICOS</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Acordes: tríadas e cuatríadas (7ª Dominante)</li> <li>• As notas estrañas.</li> <li>• A análise musical.</li> </ul> <p><b>FUNDAMENTOS DO TRATAMENTO DO RITMO</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Coñecemento, identificación e práctica de compases simples de unidade de branca con puntiño (6/4, 9/4, 12/4)</li> <li>• Coñecemento, identificación e práctica de fórmulas rítmicas binarias e ternarias que inclúan ata a fusa e o seu silencio.</li> <li>• Práctica de lecturas rítmicas nas claves de Sol e Fa en 4ª nos compases e fórmulas rítmicas traballados.</li> </ul> <p><b>FUNDAMENTOS DO TRATAMENTO DA VOZ</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Respiración, relaxación, articulación e vocalización.</li> <li>• Sensibilización e práctica de notas estrañas.</li> <li>• Interpretación vocal de melodías a unha voz en tonalidades ata 2 alteración.</li> </ul> <p><b>AUDICIÓN</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Identificación auditiva e reprodución escrita de ditados a unha voz.</li> <li>• Diferenciación auditiva dos distintos tipos de acordes tríadas e 7ª Dominante.</li> </ul>
CRITERIOS DE AVALIACIÓN	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Saber identificar e realizar cada un dos tipos dos acordes tríadas.</li> <li>• Identificar correctamente as distintas notas estrañas.</li> <li>• Ler con soltura e mantendo o pulso fragmentos cos compases traballados.</li> <li>• Entoar con exactitude rítmica e afinación melodías con/ sen acompañamento</li> <li>• Saber representar graficamente unha melodía escoitada.</li> <li>• Asimilar os contidos traballados na unidade.</li> </ul>

Esta unidade é unha das máis longas do proxecto en canto a traballo a facer polo alumnado, xa que inclúe conceptos teóricos novos, como a análise, que necesitan máis práctica. Podemos estendela durante 10-12 sesións.

Os apartados son os seguintes:

- ◆ **OS ACORDES:** *Argen* expón o que imos traballar en toda unidade a modo de introdución. É importante que o alumnado estea informado en todo momento de que pasos imos seguir e levar unha organización do traballo, o que fomenta o desenvolvemento da Competencia Clave de autonomía persoal.
- ◆ **TEORÍA:** *Argen* fai a presentación dos contidos a traballar, que neste caso serán os acordes, que xa coñecen por comezar a traballalos no curso anterior, pero non o fixeron en profundidade polo que é mellor partir de cero nas explicacións para que queden os conceptos claros. Para comprendelos é necesario comprobar que todo o alumnado ten a destreza dos intervalos superada posto que son imprescindibles para poder executar e comprender os acordes.
  - **O; acordes:** definición de acorde e os tipos. Todo con partituras e audios. É importante acompañar a explicación con máis exemplos ao piano, para que vaian asimilando a súa sonoridade.
    - **Acordes tríadas:** os tipos e tamén o investimento, recurso necesario para poder realizar a análise das partituras. Sempre con exemplos e audios, pero é importante complementalo con información directa na clase.
    - **Acordes cuatría:** centrarémonos no acorde de 7ª Dominante e o seu investimento. Seguiremos a mesma pauta que no punto anterior.
    - **A análise:** explicación dos pasos a seguir para analizar os acordes nun fragmento de voz e piano. Podemos traballar conxuntamente outros exemplo para que o proceso sexa mellor asimilado por todos. O mellor é unha formulación a modo de xogo; busca a orde das notas!.
    - **Notas estrañas:** só traballaremos coa nota de paso, floreo e apoiatura; as demais serán para os cursos de Profesional, onde o alumnado teña máis asimilado o concepto de acorde e a análise.
    - **Vídeo Interactivo:** neste vídeo inclúense todas as explicacións anteriores, a modo de “explicación na clase”, o que pode facilitar a comprensión de moitos dos conceptos; ademais inclúense exercicios directamente relacionados co que acaban de escoitar, recurso que fará que o contido sexa máis asimilado.

- **Exercicios:** *Argen* presenta o tipo de exercicios que imos realizar, tanto interactivos como empregando a libreta, xa que é necesaria á práctica da escritura musical.
  - **Verdadeiro ou falso?:** baséase en afirmacións sobre os acordes; o alumnado quizá necesite a libreta para escribilos e comprobar os intervalos que os forman. Ao responder o propio exercicio explícalle dita afirmación.
  - **Preguntas sobre acordes:** exercicio de pregunta resposta con 3 opcións posibles, baseado nos acordes, incluíndo o seu investimento; o mesmo que no anterior exercicio, o alumnado poderá precisar da libreta para completalo correctamente; ao responder tamén recibirán unha explicación.
  - **Repasamos!:** seguimos insistindo nos acordes cun formato de completa con lista despregable. Ao finalizar poderán comprobar as respostas e saber a puntuación.
  - **Traballamos coa libreta:** este apartado o forman dúas páxinas e céntranse na formación e identificación de acorde para a súa práctica escrita o primeiro, e a análise dun fragmento para voz e piano no segundo. O alumnado, individualmente ou en grupo como se indica, copiarán os acordes na libreta e os farán. Pode ser unha tarefa para comezar na clase e rematar na casa para afianzar contidos.
  - **Xogamos!:** unha vez realizados todos os exercicios chegamos a este xogo, que é en formato adiviña (enunciados e palabras a completar con algunha letra dada) sobre os acordes e as notas estrañas; servirá para traballar o mesmo pero de xeito máis lúdico. Podemos facer unha pequena competición na clase.
  - **Ficheiros adxuntos:** neste apartado inclúense actividades para imprimir (acordes e análise) que poden ser empregados como tarefas de casa. Son un complemento para seguir traballando.
- ◆ **RITMO:** *Argen* con batuta preséntanos o traballo rítmico que imos realizar.
  - **Deseños rítmicos:** explicación dos compases compostos en unidade de branca con puntiño (6/4, 9/4, 12/4) con partituras e audios. Seguimos traballando a Competencia Matemática: compás- fracción e os seus elementos.
    - **Practicamos!:** imos practicar uns patróns rítmicos no compás 6/4 que nos axudarán na comprensión destes compases. Este fragmento está apoiado por un vídeo que permite ao alumnado seguir a lectura mantendo o pulso e sabendo en cada momento onde se atopa. Estas secuencias poden facerse con sílabas, con palmas e o alumnado pode propoñer algunha secuencia de percusión corporal.

- **Lectura rítmica:** dous fragmentos (6/4 e 9/4) para ler ritmicamente apoiados por un vídeo no que **Argen** amósanos como temos que medir. Son exemplos de como teñen que ser todas as lecturas do seguinte apartado.
  - Practicamos!: fragmentos rítmicos nos compases traballados, organizados en oito sesións con 3, 4 ou 5 exercicios cada un. As primeiras 4 sesións son para a práctica do compás 6/4; a 5ª e 6ª para os compases 9/4 e 12/4, respectivamente; e as dúas últimas para o repaso de todo o traballado ata o momento. A organización está baseada na dificultade dos exercicios indo de menor a maior. Para practicalas podemos empregar unha por sesión, enviando como traballo para casa o estudo da seguinte. Empregarase o metrónomo na medida do posible.
- ◆ **PRÁCTICA VOCAL:** **Argen** con gafas de sol e a boca aberta (a modo de canto) preséntanos a destreza.
  - **Quecendo motores:** neste apartado insistimos no visto nas anteriores unidades. Elixiremos algúns dos exemplos que xa traballamos antes de comezar a entoación.
  - **Deseños vocais:** traballamos a entoación e improvisación de pequenas secuencias melódicas empregando as notas estrañas; podemos formulalo como un xogo, no que en grupos de 2 alumnos/as creen estes fragmentos durante 10 minutos e despois os entoamos; pode ser moi interesante para eles ver cantas combinacións posibles hai.
  - **Entoación:** neste apartado inclúense 6 melodías *a capella*, sempre formadas por unha frase de 8 compases. Son melodías sinxelas nas que buscamos que o alumnado profunde na afinación e correcta interpretación de interválicas no rexistro tonal. Todas elas van acompañadas de dous audios: un coa escala da tonalidade na que se atopa, e outro coa melodía. O proceso sería: lectura rítmica do fragmento; entoación da escala e arpejo da tonalidade; interpretación da melodía individualmente ou en grupo de 2 ou 3 e finalmente escoita do audio e interpretación conxunta da clase con el.
    - **Con acompañamento:** a interpretación con acompañamento é importante no desenvolvemento do oído e memoria musical. Son 4 partituras con dous audios; un da melodía e o acompañamento e outro só do acompañamento. O procedemento de estudo sería: lectura rítmica, interpretación conxunto co primeiro audio, e despois de forma individual ou en grupos de 2 ou 3 a interpretación co segundo audio.
    - **Un pouco de Historia...:** A melodía 1 con acompañamento é o comezo da **Danza Húngara n° 5** de **JOHANNES BRAHMS**. Aquí incluimos información

sobre a obra (con enlaces a vídeos de YouTube onde escoitaremos a obra interpretada por unha orquestra) e o compositor (con enlaces á Wikipedia, para completar información).

Danza Húngara, Brahms, Hungarian Symphony Orchestra Budapest

<https://www.youtube.com/watch?v=Nzo3atXtm54>

Danza Húngara, escena Gran Dictador, Charles Chaplin

<https://www.youtube.com/watch?v=opplGxJ69HE>

Danza Húngara, Looney Tunes

<https://www.youtube.com/watch?v=3X9cD4QKaZU>

Johannes Brahms

[https://es.wikipedia.org/wiki/Johannes\\_Brahms](https://es.wikipedia.org/wiki/Johannes_Brahms)

Con este apartado preténdese introducir ao alumnado no coñecemento da Historia da Música, así como fomentar a escoita de obras clásicas, moi descoñecidas na franxa de idade que nos ocupa. Ademais introducir unha paréntese destas características nas clases pode motivar ao alumnado de forma moi positiva.

- ◆ **PRÁCTICA AUDITIVA:** *Argen* con cascos e gafas de sol preséntanos a destreza.
  - **Esquemas auditivos:** comezamos a práctica auditiva diferenciando os distintos tipos de acordes. Aparecen audios e as partituras para facilitar o recoñecemento. A formulación é escoitalos varias veces e facer unha pequena proba entre toda a clase con outros exemplos que o docente pode facer no piano. Unha vez que vexamos que está bastante claro pasamos ao exercicio.
    - **Practicamos!:** un exercicio de pregunta-resposta, con 3 opcións posibles; as preguntas son os audios de acordes. .
  - **Ditado:** O ditado estará presente durante todo o curso, xa que é un elemento imprescindible na práctica auditiva e forma parte do exame de Proba de Acceso ao Grao Profesional. En cada unidade hai 4 ditados en formato de audio que segue o esquema: ditado completo, escala, arpexo e acordes e a secuencia de repeticións. O alumnado debería escoitalo unha soa vez.

- ◆ **REFORZO/AMPLIACIÓN:** o reforzo céntrase na identificación de acordes en estado fundamental para facilitar a súa comprensión, mentres que a ampliación o fai en acordes investidos. Son actividades para escribir na libreta e poden ser individuais ou en grupo, e tanto para facer na clase como para casa.
  - **Xogamos!:** un libro interactivo LIM, con actividades máis lúdicas sobre os contidos da unidade: unha adiviñanza, clasificacións con audios e imaxes, entre outras.
- ◆ **DOCUMENTACIÓN:** neste apartado inclúense documentos de uso para o docente ou a familia (Referencia dos contidos multimedia, Documento técnico en galego e en castelán, Manual de uso e a presente Guía Didáctica).

## Solucionario


### Verdadeiro ou falso?

1. Este acorde é Perfecto Maior. **Falso**
2. A nota sobre a que se forma o acorde é a nota do baixo. **Falso**
3. A nota fundamental deste acorde é o FA. **Verdadeiro**
4. Esta acorde é de 5ª Aumentada. **Falso**
5. O acorde de 5ª Diminuída está formado por unha 3ª menor e unha 5ª Diminuída. **Verdadeiro**

### Preguntas sobre acordes


1. Que é un acorde tríada? **Acorde formado por 3 notas**

2. Cal é a primeira inversión deste acorde?




3. A que tonalidade pertence este acorde de 7ª de Dominante? **La Maior**

4. Cal é o acorde Perfecto menor dende a nota Si?




5. Que tipo de acorde é? **Perfecto Maior**

6. Acorde de 5ª Aumentada



7. Que nota precisas para formar un acorde Perfecto menor?



8. Que tipo de acorde é? **5ª Aumentada**

### Repasamos

Un acorde é un conxunto de notas que soan á vez. Os acordes poden ser **tríadas** (formados por 3 notas) ou **cuatríadas** (formado por 4 notas).

Os acordes tríadas están formados por dúas notas a distancia de 3ª e 5ª. Segundo sexan estes intervalos os acordes poden ser:

- Perfecto Maior: coa 3ª Maior e a 5ª **Xusta** .





Que tipo de acorde estás a escoitar?

1. Perfecto Maior
2. 5ª Aumentada
3. Perfecto menor
4. Perfecto Maior

5. 5ª Diminuída
6. Perfecto menor
7. 5ª Aumentada
8. 5ª Diminuída

Ditado

1.

2.

3.

4.

# A linguaxe de **ARGEN**

## Reforzo

5ºD Pm 5ºD 5ºD 5ºA Pm

7 Pm PM 5ºA PM Pm 5ºD

## Ampliación

5ºD Pm PM Pm 5ºA Pm

7 Pm 5ºA 5ºA P.M Pm 5ºD

## Rúbrica: avaliación

	Mal (1)	Suficiente (3)	Excelente (5)	(*)
<b>Saber identificar e realizar cada un dos tipos dos acordes tríadas.</b>	Ten dificultades con todos os aspectos relacionados cos acordes: non recoñece os distintos tipos e tampouco sabe executalos.	Identifica os tipos de acordes pero ten problemas para executalos e recoñecelos auditivamente.	Identifica todos os tipos de acordes, sabe executalos e non ten problemas para recoñecelos auditivamente.	
<b>Identificar correctamente as distintas notas estrañas.</b>	Non sabe identificar as notas estrañas nunha melodía.	Comprende o que son as notas estrañas pero non sabe identificar os tipos.	Identifica os distintos tipos de notas estrañas e comprende a súa función.	
<b>Ler con soltura e mantendo o pulso fragmentos con fórmulas rítmicas e compases compostos/branca.</b>	Ten moitas dificultades de lectura nas claves de Sol e Fa en 4ª; non consegue manter o pulso e non sabe realizar os compases compostos/branca	Le con soltura en clave de Sol pero ten dificultades na clave de Fa en 4ª; comprende os compases simples/branca pero ten algunha dificultade ao executalos.	Le con soltura nas claves de Sol e Fa en 4ª, mantendo o pulso, nos compases compostos/branca.	
<b>Entoar con exactitude rítmica e afinación melodías con ou sen acompañamento.</b>	Non consegue entoar melodías con ou sen acompañamento.	Consegue entoar a melodía, mellor con acompañamento, pero con pouca exactitude na afinación.	Entoa con exactitude rítmica e con boa afinación melodías con ou sen acompañamento.	
<b>Saber representar graficamente unha melodía escoitada.</b>	Non sabe reproducir por escrito unha melodía escoitada, nin o ritmo nin as notas.	Identifica o compás e deseños rítmicos pero ten dificultade para representar as alturas das notas dunha melodía escoitada.	Sabe reproducir por escrito unha melodía escoitada despois do proceso repeticións establecidos (Ditado).	
<b>Asimilar os contidos traballados na unidade</b>	Non ten asimilado ningún dos contidos traballados na unidade.	Alguns contidos os ten memorizados, pero outros fáltales asimilalos.	Ten memorizados e asimilados todos os contidos traballados na unidade.	

UD 6: MODULACIÓN	
OBXECTIVOS XERAIS /ESPECÍFICOS	α), b), c), d), e) f), h) α), b), d), e), f), g)
OBXECTIVOS ESPECÍFICOS	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Identificar a modulación e os distintos tipos: flexión.</li> <li>• Saber identificar as tonalidades veciñas para a modulación.</li> <li>• Saber analizar un fragmento nos aspectos harmónicos e melódicos básicos.</li> <li>• Ler fragmentos nos compases traballados ata o momento, incluíndo os grupos de valoración especial regulares e irregulares.</li> <li>• Lembrar e executar con claridade os pasos a seguir para realizar unha boa preparación para a interpretación vocal.</li> <li>• Entoar melodías con ou sen acompañamento.</li> <li>• Reproducir graficamente melodías escoitadas.</li> </ul>
COMPETENCIASCLAVE	CCL, CM, CCIF, CCID, CAA, CSC, CAIP, CCA.
CONTIDOS	<p><b>FUNDAMENTOS TEÓRICOS</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Modulación: flexión.</li> <li>• Tonalidades veciñas.</li> </ul> <p><b>FUNDAMENTOS DO TRATAMENTO DO RITMO</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Coñecemento, identificación e práctica de grupos de valoración especial regulares e irregulares contidos nun pulso e en dous ou tres pulsos.</li> <li>• Coñecemento, identificación e práctica de fórmulas rítmicas binarias e ternarias que inclúan ata a fusa e o seu silencio.</li> <li>• Práctica de lecturas rítmicas nas claves de Sol e Fa en 4ª nos compases e fórmulas rítmicas traballados.</li> </ul> <p><b>FUNDAMENTOS DO TRATAMENTO DA VOZ</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Respiración, relaxación, articulación e vocalización.</li> <li>• Interpretación vocal de melodías a unha voz en tonalidades ata 3 alteración.</li> </ul> <p><b>AUDICIÓN</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Identificación auditiva e reprodución escrita de ditados a unha voz.</li> </ul>
CRITERIOS DE AVALIACIÓN	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Saber identificar os distintos tipos de modulación.</li> <li>• Saber as tonalidades veciñas para a modulación.</li> <li>• Ler con soltura e mantendo o pulso fragmentos cos compases traballados, que inclúan os grupos de valoración.</li> <li>• Entoar con exactitude rítmica e afinación melodías con/ sen acompañamento</li> <li>• Saber representar graficamente unha melodía escoitada.</li> <li>• Asimilar os contidos traballados na unidade.</li> </ul>

Despois dos acordes e a análise pasamos a modulación: É un tema que serve como introdución para os cursos próximos, posto que os conceptos de flexión implican coñecementos harmónicos máis complexos, que non son adecuados para a idade do alumnado (operacións concretas-**Piaget**). Entón imos centrarnos en facerlles comprender que é a modulación, os tipos, e as tonalidades veciñas, como práctica de busca de tonalidades, non como o coñecemento implícito do proceso mesmo.

Os apartados son os seguintes:

- ◆ **A MODULACIÓN:** **Argen** expón o que imos traballar en toda unidade a modo de introdución. É importante que o alumnado estea informado en todo momento de que pasos imos seguir e levar unha organización do traballo, o que fomenta o desenvolvemento da Competencia Clave de autonomía persoal.
- ◆ **TEORÍA:** **Argen** fai a presentación dos contidos a traballar, que neste caso será a modulación, flexión e tonalidades veciñas, conceptos que traballarán por primeira vez. Para comprendelos é necesario comprobar que todo o alumnado ten a destreza das tonalidades superada posto que son imprescindibles para poder executar e comprender a modulación.
  - **A modulación:** definición de modulación e explicación dos tipos. Todo con partituras e audios. É importante acompañar a explicación con máis exemplos ao piano.
    - **Tonalidades veciñas:** pode servirnos como repaso do círculo de 5<sup>a</sup> e as tonalidades, posto que todo está baseado neles. Sempre con exemplos e audios, pero é importante complementalo con información directa na clase e facendo partícipe ao alumnado.
    - **Vídeo Interactivo:** neste vídeo inclúense todas as explicacións anteriores, a modo de “explicación na clase”, o que pode facilitar a comprensión de moitos dos conceptos; ademais inclúense exercicios directamente relacionados co que acaban de escoitar, recurso que fará que o contido sexa máis asimilado.
  - **Exercicios:** **Argen** presenta o tipo de exercicios que imos realizar, tanto interactivos como empregando a libreta, xa que é necesaria á práctica da escritura musical. Imos repasar todo o traballado ata agora.
    - **Verdadeiro ou falso?:** baséase en afirmacións sobre intervalos, escalas e acordes, a modo de repaso; o alumnado quizá necesite a libreta para traballar. Ao responder o propio exercicio explícalle dita afirmación.

- **Que sabemos da modulación?:** exercicio de pregunta resposta con 3 opcións posibles, baseado na modulación; o mesmo que no anterior exercicio, o alumnado poderá precisar da libreta para completalo correctamente; ao responder tamén recibirán unha explicación.
  - **Traballamos coa libreta:** este apartado o forman dúas páxinas e céntranse na flexión o primeiro e o segundo nas tonalidades veciñas. Pode ser unha tarefa para comezar na clase e rematar na casa para afianzar contidos.
  - **Xogamos!:** unha vez realizados todos os exercicios chegamos a este xogo, que é en formato pregunta-resposta, con 4 opcións posibles; incluímos contidos sobre todo o traballado ata esta unidade (intervalos, escalas, acordes, etc). Podemos facer unha pequena competición na clase.
  - **Ficheiros adxuntos:** neste apartado inclúense actividades para imprimir (modulación e tonalidades veciñas) que poden ser empregados como tarefas de casa. Son un complemento para seguir traballando.
- ◆ **RITMO:** *Argen* con batuta preséntanos o traballo rítmico que imos realizar.
- **Dezeños rítmicos:** explicación dos grupos de valoración especial, cun cadro onde poden ver con maior facilidade a relación entre eles e os compases onde se atopan. Seguimos traballando a Competencia Matemática (figuras -compás).
    - **Practicamos!:** imos practicar patróns rítmicos, baseados nos grupos de valoración especial. Estes fragmentos están apoiados por vídeos que permiten ao alumnado seguir a lectura mantendo o pulso e sabendo en cada momento onde se atopa. Estas secuencias poden facerse con sílabas, con palmas e o alumnado pode propoñer algunha secuencia de percusión corporal.
  - **Lectura rítmica:** tres fragmentos, un por cada grupo de valoración especial, para ler rítmicamente apoiados por un vídeo no que *Argen* amósanos como temos que medir. Son exemplos de como teñen que ser todas as lecturas do seguinte apartado.
    - **Practicamos!:** fragmentos rítmicos cos contidos rítmicos a traballar, organizados en sete sesións con 3, 4 ou 6 exercicios cada un. As primeiras 4 sesións son para a práctica dos distintos grupos de valoración especial (especificados nos títulos) e as tres últimas para o repaso de todo o traballado ata o momento. A organización está baseada na dificultade dos exercicios indo de menor a maior. Para practicalas podemos empregar unha por sesión, enviando como traballo para casa o estudo da seguinte. Empregarase o metrónomo na medida do posible.

♦ **PRÁCTICA VOCAL:** *Argen* con gafas de sol e a boca aberta (a modo de canto) preséntanos a destreza.

- **Quecendo motores:** neste apartado insistimos no visto nas anteriores unidades. Elixiremos algúns dos exemplos que xa traballamos antes de comezar a entoación.
- **Deseños vocais:** seguimos repasando o traballado con anterioridade: as escalas maiores e menores.
- **Entoación:** neste apartado inclúense 6 melodías *a capella*, sempre formadas por unha frase de 8 compases. Son melodías sinxelas nas que buscamos que o alumnado profunde na afinación e correcta interpretación de interválicas no rexistro tonal. Todas elas van acompañadas de dous audios: un coa escala da tonalidade na que se atopa, e outro coa melodía. O proceso sería: lectura rítmica do fragmento; entoación da escala e arpexio da tonalidade; interpretación da melodía individualmente ou en grupo de 2 ou 3 e finalmente escoita do audio e interpretación conxunta da clase con el.
  - **Un pouco de Historia...:** A melodía 6 é o comezo da **Danza Macabra** de **CAMILLE SAINT-SÄENS**. Aquí incluimos información sobre a obra (con enlaces a vídeos de YouTube onde escoitaremos a obra interpretada por unha orquestra) e o compositor (con enlaces á Wikipedia, para completar información).

Danza Macabra, Saint-Säens, Youth Orchestra of Venezuela

<https://www.youtube.com/watch?v=Flrpp-inOpM>

Danza Húngara, animación Henderson

<https://www.youtube.com/watch?v=QfoynuzhVfo>

Camille Saint-Säens

[https://es.wikipedia.org/wiki/Camille\\_Saint-Sa%C3%ABns](https://es.wikipedia.org/wiki/Camille_Saint-Sa%C3%ABns)

Con este apartado preténdese introducir ao alumnado no coñecemento da Historia da Música, así como fomentar a escoita de obras clásicas, moi descoñecidas na franxa de idade que nos ocupa. Ademais introducir unha paréntese destas características nas clases pode motivar ao alumnado de forma moi positiva.



- **Con acompañamento:** a interpretación con acompañamento é importante no desenvolvemento do oído e memoria musical. Son 4 partituras con dous audios; un da melodía e o acompañamento e outro só do acompañamento. O procedemento de estudo sería: lectura rítmica, interpretación conxunto co primeiro audio, e despois de forma individual ou en grupos de 2 ou 3 a interpretación co segundo audio.
- ◆ **PRÁCTICA AUDITIVA:** *Argen* con cascos e gafas de sol preséntanos a destreza.
  - **Esquemas auditivos:** comezamos a práctica auditiva repasando os acordes e as escalas. Aparecen audios e as partituras para facilitar o recoñecemento. A formulación é escoitalos varias veces e facer unha pequena proba entre toda a clase con outros exemplos que o docente pode facer no piano. Unha vez que vexamos que está bastante claro pasamos ao exercicio.
    - **Practicamos!:** un exercicio de pregunta-resposta, con 3 opcións posibles; as preguntas son os audios de escalas e acordes.
  - **Ditado:** O ditado estará presente durante todo o curso, xa que é un elemento imprescindible na práctica auditiva e forma parte do exame de Proba de Acceso ao Grao Profesional. En cada unidade hai 4 ditados en formato de audio que segue o esquema: ditado completo, escala, arpexo e acordes e a secuencia de repeticións. O alumnado debería escoitalo unha soa vez.
- ◆ **REFORZO/AMPLIACIÓN:** céntrase nas tonalidades veciñas: para o reforzo indicando armaduras, para a ampliación só unha tonalidade. Son actividades para escribir na libreta e poden ser individuais ou en grupo, e tanto para facer na clase como para casa.
  - **Xogamos!:** un libro interactivo LIM, con actividades máis lúdicas sobre os contidos da unidade: unha adiviñanza, unha sopa de letras ou clasificacións con imaxes, entre outras.
- ◆ **DOCUMENTACIÓN:** neste apartado inclúense documentos de uso para o docente ou a familia (Referencia dos contidos multimedia, Documento técnico en galego e en castelán, Manual de uso e a presente Guía Didáctica).

## Solucionario

### Verdadeiro- Falso

1. Esta escala menor é melódica. **Falso**
2. Este acorde é Perfecto Maior. **Verdadeiro**
3. Este intervalo é unha 3ª menor. **Falso**
4. O IV grao dunha escala chámase Subdominante. **Verdadeiro**
5. Este intervalo é unha 6ª menor. **Falso**
7. A nota de paso é unha nota estraña que se coloca na parte forte do compás. **Falso**
8. Este acorde é Perfecto menor. **Falso**

### Que sabemos da modulación?

1. Cal é unha tonalidade veciña de Sol m? **Mib Maior**
2. Como se chama a modulación que non implica cambio de armadura?  
**Flexión**
3. Cal é a tonalidade inicial deste fragmento? **Do M**
4. Cal é a tonalidade a que modula o fragmento anterior? **Mi m**
5. Cal é a tonalidade inicial do seguinte fragmento? **Mi m**
6. E a tonalidade á que modula? **La m**
7. Cal das seguintes tonalidades é veciña de Fa# m? **Mi M**
8. Cal é a tonalidade inicial e á que modula no seguinte fragmento? **Do M e Re m**

### Experimentando coa modulación e as flexións



Experimentando coas tonalidades veciñas

RebM	SolbM	labM
Sibm	Mibm	Fam
FaM	Sibm	Dom
labM	RebM	MibM
SibM	MibM	FaM
Solm	Dom	Rem
SiM	MiM	Fa#M
Sol#m	Do#m	Re#m

Que tipo de acorde ou escala estás a escoitar?

- |                   |                                |
|-------------------|--------------------------------|
| 1. Harmónica      | 4. 5ª Aumentada                |
| 2. Perfecto menor | 5. 3º tipo ou Mixta Secundaria |
| 3. Melódica       | 6. Perfecto Maior              |

# A linguagem de **ARGEN**

Ditado

1.

2.

3.

4.

Reforzo


Ampliación

Re m	Sol m	La m
Fa M	Sib M	Do M
La b M	Re b M	Mi b M
Fa m	Sib m	Do m
Sol # m	Do # m	Re # m
Si M	Mi M	Fa # m

Lim

**1. Sopa de letras:**

- Distancia entre dúas notas: **Intervalo**
- Acorde formado por 4 notas: **Cuatriada**
- Cambio de tonalidade nunha obra: **Modulación**
- Nome das tonalidades ás que se modula: **Veciñas**
- Conxunto de notas ordenadas: **Escala**
- Cambio curto de tonalidade: **Flexión**
- Alteracións entre a clave e o compás: **Armadura**
- Dúas notas co mesmo son, diferente nome: **Enharmonía**

## Rúbrica: avaliación

	Mal (1)	Suficiente (3)	Excelente (5)	(*)
<b>Saber identificar os distintos tipos de modulación.</b>	Ten dificultades coa modulación e non comprende os pasos que hai no cambio de tonalidade.	Identifica os tipos de modulación pero ten problemas para analizar as flexións.	Identifica os tipos de modulación e sabe analizalos.	
<b>Saber as tonalidades veciñas para a modulación.</b>	Non sabe identificar as tonalidades veciñas.	Non sempre ten claras as tonalidades veciñas.	Identifica as tonalidades veciñas sen problema.	
<b>Ler con soltura e mantendo o pulso fragmentos cos compases traballados, que inclúan os grupos de valoración.</b>	Ten moitas dificultades de lectura nas claves de Sol e Fa en 4ª; non consegue manter o pulso e non sabe realizar os grupos de valoración especial traballados.	Le con soltura en clave de Sol pero ten dificultades na clave de Fa en 4ª; comprende os grupos de valoración especial pero ten problemas para executalos.	Le con soltura nas claves de Sol e Fa en 4ª, mantendo o pulso, incluídos os grupos de valoración especial traballados.	
<b>Entoar con exactitude rítmica e afinación melodías con ou sen acompañamento.</b>	Non consegue entoar melodías con ou sen acompañamento.	Consegue entoar a melodía, mellor con acompañamento, pero con pouca exactitude na afinación.	Entoa con exactitude rítmica e con boa afinación melodías con ou sen acompañamento.	
<b>Saber representar graficamente unha melodía escoitada.</b>	Non sabe reproducir por escrito unha melodía escoitada, nin o ritmo nin as notas.	Identifica o compás e deseños rítmicos pero ten dificultade para representar as alturas das notas dunha melodía escoitada.	Sabe reproducir por escrito unha melodía escoitada despois do proceso repeticións establecidos (Ditado).	
<b>Asimilar os contidos traballados na unidade</b>	Non ten asimilado ningún dos contidos traballados na unidade.	Alguns contidos os ten memorizados, pero outros fáltalle asimilalos.	Ten memorizados e asimilados todos os contidos traballados na unidade.	

UD 7: A FORMA MUSICAL	
OBXECTIVOS XERAIS /ESPECÍFICOS	α), b), c), d), e) f), h) α), b), d), e), f), g)
OBXECTIVOS ESPECÍFICOS	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Identificar a estrutura dunha obra ou fragmento, marcando as frases.</li> <li>• Identificar cada unha das cadencias: conclusivas e suspensivas.</li> <li>• Identificar os tipos de comezo e final dunha melodía.</li> <li>• Saber analizar un fragmento nos aspectos harmónicos e melódicos básicos.</li> <li>• Comprender e saber executar o dobre puntiño e o síncope dobre.</li> <li>• Ler fragmentos nos compases traballados ata o momento.</li> <li>• Lembrar e executar con claridade os pasos a seguir para realizar unha boa preparación para a interpretación vocal.</li> <li>• Entoar melodías con ou sen acompañamento.</li> <li>• Reproducir graficamente melodías escoitadas.</li> </ul>
COMPETENCIASCLAVE	CCL, CM, CCIF, CCID, CAA, CSC, CAIP, CCA.
CONTIDOS	<p><b>FUNDAMENTOS TEÓRICOS</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• A forma musical: a frase.</li> <li>• Cadencias: conclusivas e suspensivas.</li> <li>• Comezo e final: tipos.</li> </ul> <p><b>FUNDAMENTOS DO TRATAMENTO DO RITMO</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Coñecemento, identificación e práctica do dobre puntiño e síncope dobre.</li> <li>• Coñecemento, identificación e práctica de fórmulas rítmicas binarias e ternarias que inclúan ata a fusa e o seu silencio.</li> <li>• Práctica de lecturas rítmicas nas claves de Sol e Fa en 4ª nos compases e fórmulas rítmicas traballados.</li> </ul> <p><b>FUNDAMENTOS DO TRATAMENTO DA VOZ</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Respiración, relaxación, articulación e vocalización.</li> <li>• Interpretación vocal de melodías a unha voz en tonalidades ata 3 alteracións.</li> </ul> <p><b>AUDICIÓN</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Sensibilización e identificación dos tipos de cadencias.</li> <li>• Identificación auditiva e reprodución escrita de ditados a unha voz.</li> </ul>
CRITERIOS DE AVALIACIÓN	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Saber identificar os distintos tipos de cadencias, tamén auditivamente.</li> <li>• Saber establecer a estrutura dunha obra, marcando as frases.</li> <li>• Ler con soltura e mantendo o pulso fragmentos con puntiño e síncope dobres.</li> <li>• Entoar con exactitude rítmica e afinación melodías con/ sen acompañamento</li> <li>• Saber representar graficamente unha melodía escoitada.</li> <li>• Asimilar os contidos traballados na unidade.</li> </ul>



Esta unidade está pensada para rematar a 2ª avaliación e continuar na 3ª, posto que ten varios contidos novos e que precisan tempo. Ademais son contidos que temos que traballar tamén na análise polo que hai que dedicarlle unhas 10 sesións, nas que repasaremos todo o traballado (principalmente na análise).

Os apartados son os seguintes:

- ◆ **A FORMA MUSICAL:** *Argen* expón o que imos traballar en toda unidade a modo de introdución. É importante que o alumnado estea informado en todo momento de que pasos imos seguir e levar unha organización do traballo, o que fomenta o desenvolvemento da Competencia Clave de autonomía persoal.
- ◆ **TEORÍA:** *Argen* fai a presentación dos contidos a traballar, que neste caso será todo o relacionado coa forma musical: a estrutura, as cadencias e os tipos de comezo e final. A estrutura e as ordenacións formais son contidos xa traballados en cursos anteriores, mentres que as cadencias e os tipos son novos en este curso, porque implican coñecementos de acordes, que teremos que comproba que o alumnado ten claro.
  - **A modulación:** definición de forma musical e explicación do seu elemento principal: a frase; tamén tipos de estrutura e forma de indicalas con exemplos facilmente recoñecibles por ser temas escollidos da música popular ou pop á que están máis acostumados. Todo con partituras e audios. É importante acompañar a explicación con máis exemplos.
    - **As cadencias:** contido novo que implica saber analizar acordes correctamente. Hai un cadro resumo que pode facilitarlles o estudo e exemplo de cada unha cos audios.
    - **Tipos de comezo e final:** están en formato de ventás para separar a explicación do comezo co final. Un boa forma de arrincar é falando da anacrusa, que xa coñecen dende o primeiro curso e enlazar co resto da explicación. Hai exemplos con audios e partituras pero estaría ben facer máis na clase.
    - **Vídeo Interactivo:** neste vídeo inclúense todas as explicacións anteriores, a modo de “explicación na clase”, o que pode facilitar a comprensión de moitos dos conceptos; ademais inclúense exercicios directamente relacionados co que acaban de escoitar, recurso que fará que o contido sexa máis asimilado.
  - **Exercicios:** *Argen* presenta o tipo de exercicios que imos realizar, tanto interactivos como empregando a libreta, xa que é necesaria á práctica da escritura musical.



- **Verdadeiro ou falso?:** baséase en afirmacións sobre todos os contidos da unidade. Ao responder o propio exercicio explícalle dita afirmación.
  - **Que aprendemos?:** exercicio de pregunta resposta con 3 opcións posibles, baseado nos contidos da unidade. Ao responder tamén recibirán unha explicación.
  - **Un pouquiño máis:** unha actividade sobre os mesmos contidos pero a parte máis teórica; é un completa con lista despregable. Ao rematar poden comprobar o resultado.
  - **Traballamos coa libreta:** este apartado o forman dúas páxinas e céntranse nas cadencias o primeiro e o segundo nos comezos e finais. Pode ser unha tarefa para comezar na clase e rematar na casa para afianzar contidos.
  - **Xogamos!:** unha vez realizados todos os exercicios chegamos a este xogo, que é en formato adiviña (enunciados e palabras a completar con algunha letra dada) sobre cadencias, comezos e finais e forma; servirá para traballar o mesmo pero de xeito máis lúdico. Podemos facer unha pequena competición na clase.
  - **Ficheiros adxuntos:** neste apartado inclúense actividades para imprimir (cadencias/comenzo e final e unha análise) que poden ser empregados como tarefas de casa. Son un complemento para seguir traballando.
- ◆ **RITMO:** *Argen* con batuta preséntanos o traballo rítmico que imos realizar.
- **Dezeños rítmicos:** explicación do puntiño e síncope dobre; este conceptos xa foron traballados dende os primeiros cursos pero non no formato dobre. Seguimos traballando a Competencia Matemática (figuras ao dobre).
    - **Practicamos!:** imos practicar dúas secuencias rítmicas baseadas no puntiño e síncope dobres. Estes fragmentos están apoiados por vídeos que permiten ao alumnado seguir a lectura mantendo o pulso e sabendo en cada momento onde se atopa. Estas secuencias poden facerse con sílabas, con palmas e o alumnado pode propoñer algunha secuencia de percusión corporal.
  - **Lectura rítmica:** dous fragmentos, un por puntiño e outro por síncope, para ler ritmicamente apoiados por un vídeo no que *Argen* amósanos como temos que medir. Son exemplos de como teñen que ser todas as lecturas do seguinte apartado.
    - **Practicamos!:** fragmentos rítmicos cos contidos rítmicos a traballar, organizados en sete sesións con 4 ou 5 exercicios cada un. As primeiras 3 sesións son para a práctica do puntiños, síncope e ambos, respectivamente e as catro últimas para o

repaso de todo o traballado ata o momento. A organización está baseada na dificultade dos exercicios indo de menor a maior. Para practicalas podemos empregar unha por sesión, enviando como traballo para casa o estudo da seguinte. Empregarase o metrónomo na medida do posible.

◆ **PRÁCTICA VOCAL:** *Argen* con gafas de sol e a boca aberta (a modo de canto) preséntanos a destreza.

- **Quecendo motores:** neste apartado insistimos no visto nas anteriores unidades. Elixiremos algúns dos exemplos que xa traballamos antes de comezar a entoación. Nesta unidade aparecen algúns exemplo con partitura e audios.
- **Dejeños vocais:** seguimos repasando o traballado con anterioridade: as escalas maiores e menores.
- **Entoación:** neste apartado inclúense 6 melodías *a capella*, sempre formadas por unha frase de 8 compases. Son melodías sinxelas nas que buscamos que o alumnado profunde na afinación e correcta interpretación de interválicas no rexistro tonal. Todas elas van acompañadas de dous audios: un coa escala da tonalidade na que se atopa, e outro coa melodía. O proceso sería: lectura rítmica do fragmento; entoación da escala e arpejo da tonalidade; interpretación da melodía individualmente ou en grupo de 2 ou 3 e finalmente escoita do audio e interpretación conxunta da clase con el.
  - **Con acompañamento:** a interpretación con acompañamento é importante no desenvolvemento do oído e memoria musical. Son 4 partituras con dous audios; un da melodía e o acompañamento e outro só do acompañamento. O procedemento de estudo sería: lectura rítmica, interpretación conxunto co primeiro audio, e despois de forma individual ou en grupos de 2 ou 3 a interpretación co segundo audio.

◆ **PRÁCTICA AUDITIVA:** *Argen* con cascos e gafas de sol preséntanos a destreza.

- **Esquemas auditivos:** comezamos a práctica auditiva coa escoita de cadencias. Aparecen audios e as partituras para facilitar o recoñecemento. A formulación é escoitalos varias veces e facer unha pequena proba entre toda a clase con outros exemplos que o docente pode facer no piano. Unha vez que vexamos que está bastante claro pasamos ao exercicio.
  - **Practicamos!:** un exercicio de completa con lista despregable onde aparecen os audios para recoñecer as cadencias.

- **Ditado:** O ditado estará presente durante todo o curso, xa que é un elemento imprescindible na práctica auditiva e forma parte do exame de Proba de Acceso ao Grao Profesional. En cada unidade hai 4 ditados en formato de audio que segue o esquema: ditado completo, escala, arpexo e acordes e a secuencia de repeticións. O alumnado debería escoitalo unha soa vez.
  - **Un pouco de Historia...:** O ditado 4 é a melodía coñecida como “Can-Can” da opereta *Orfeo nos infernos* de **JACQUES OFFENBACH**. Aquí incluimos información sobre a obra (con enlaces a vídeos de YouTube onde escoitaremos a obra interpretada por unha orquestra) e o compositor (con enlaces á Wikipedia, para completar información).

Obertura, Offenbach, Voces para la Paz

<https://www.youtube.com/watch?v=A085eyrIGAo&list=RDA085eyrIGAo>

Orfeo nos infernos, opereta, Offenbach

[https://www.youtube.com/watch?v=ClmP\\_V8kPxc](https://www.youtube.com/watch?v=ClmP_V8kPxc)

Tartaruga, Saint-Säens, Orquestra Cámara ESAY

<https://www.youtube.com/watch?v=vDubzOHmxxQ>

Jacques Offenbach

[https://es.wikipedia.org/wiki/Jacques\\_Offenbach](https://es.wikipedia.org/wiki/Jacques_Offenbach)

Camille Saint-Säens

[https://es.wikipedia.org/wiki/Camille\\_Saint-Sa%C3%ABns](https://es.wikipedia.org/wiki/Camille_Saint-Sa%C3%ABns)

Con este apartado preténdese introducir ao alumnado no coñecemento da Historia da Música, así como fomentar a escoita de obras clásicas, moi descoñecidas na franxa de idade que nos ocupa. Ademais introducir unha paréntese destas características nas clases pode motivar ao alumnado de forma moi positiva.

- ◆ **REFORZO/AMPLIACIÓN:** hai dous apartados; o primeiro centrado nas cadencias e comezo e final para facer na libreta en grupo ou individualmente; o segundo un ficheiro adxunto cunha análise para imprimir e onde traballar todos os contidos dados ata o

momento (intervalos, escalas, acordes, notas estrañas, forma, cadencias, tipo de comezo e final).

- **Xogamos!:** un libro interactivo LIM, con actividades máis lúdicas sobre os contidos da unidade: unha adiviñanza ou un quebra-cabezas, entre outras.
- ◆ **DOCUMENTACIÓN:** neste apartado inclúense documentos de uso para o docente ou a familia (Referencia dos contidos multimedia, Documento técnico en galego e en castelán, Manual de uso e a presente Guía Didáctica).

## Solucionario

### Verdadeiro ou falso

1. Este comezo é anacrúsico. **Falso**
2. AS frases musicais indícanse coas letras do alfabeto en maiúsculas. **Verdadeiro**
3. A cadencia auténtica é V-VI. **Falso**
4. Este final é paroxítono. **Verdadeiro**
5. O final oxítono é o mesmo co final feminino. **Falso**
6. Esta cadencia é auténtica. **Falso**
7. Esta melodía ten comezo anacrúsico e final masculino. **Falso**
8. Estes dous acordes forman unha semicadencia. **Verdadeiro**

### Que aprendemos?

1. Que tipo de comezo ten este fragmento? **Acéfalo**
2. Que tipo de final ten o mesmo fragmento? **Paroxítono**
3. Que cadencia forman estes acordes? **Cadencia Imperfecta**

4. Cal destas cadencias é unha Cadencia Rota?



5. Que cadencia está formada polos graos IV-I? **Cadencia Plagal**
6. Que tipo de comezo ten este fragmento? **Tético**
7. Que tipo de final ten o mesmo fragmento? **Feminino**
8. Cal é a forma deste fragmento? **A A'**

### Que aprendemos?

A forma musical é a estrutura das obras ou ideas musicais. O elemento principal que define a forma dunha obra é a frase musical. Esta pode estar formada por dúas ou máis semifrases. Á súa vez, varias frases poden formar un período ou sección.

Segundo o número de frases podemos ter unha forma primaria (unha frase), binaria (dúas frases) ou ternaria (tres frases) e así sucesivamente.

As frases as marcamos con maiúsculas seguindo o alfabeto.

Para determinar os finais das frases empregamos as cadencias .  
Segundo os graos que as conforman temos:

Cadencia Auténtica : V-I

Cadencia Imperfecta : V-I (en investimento)

Cadencia Plagal: IV-I

Semicadencia: IV/II-V

Cadencia Rota : V-VI

Todas elas poden dividirse en cadencias conclusivas ou suspensivas. As primeiras dándonos unha sensación de reposo, mentres que as suspensivas créannos a sensación de pausa pero momentánea, de que a música vai a continuar.

A auténtica, imperfecta e plagal son conclusivas .

A semicadencia e a rota son suspensivas .

## Experimentando coas cadencias

The image displays seven musical examples of cadences, each with a title, key signature, mode, and chord progression. The examples are:

- C. ROTA** LAM: Treble clef, key of A major (two sharps). Chords: V (A4) and VI (F#5).
- C. AUTÉNTICA** LAM: Treble clef, key of A major (two sharps). Chords: V (A4) and I (A4).
- CAUTÉNTICA** RebM: Treble clef, key of B-flat major (two flats). Chords: V (F4) and I (Bb4).
- SEMICADENCIA** LAM: Treble clef, key of A major (two sharps). Chords: IV (D4) and V (A4).
- C. PLAGAL** MiM: Treble clef, key of E minor (three sharps). Chords: IV (A4) and I (E5).
- C. PLAGAL** MiM: Treble clef, key of E minor (three sharps). Chords: IV (A4) and I (E5).
- C. ROTA** Sim: Treble clef, key of A major (two sharps). Chords: V (A4) and VI (F#5).
- SEMICADENCIA** SiM: Treble clef, key of A major (two sharps). Chords: IV (D4) and V (A4).

## Experimentando cos comezos e finais

### COMEZOS

#### ACEFALO



#### TÉTICO



#### ANACRÚSICO



#### ACEFALO



#### TÉTICO



#### ANACRÚSICO



### FINAIS

#### FEM / PAROXÍTONO



#### MASC/OXÍTONO



#### MASC/OXÍTONO



#### FEM / PAROXÍTONO



## Escoitamos cadencias

Agora unha cadencia plagal.

O que agora soa é unha cadencia rota.

Neste podemos escoitar unha semicadencia.


É unha cadencia auténtica.

Estamos escoitando unha cadencia rota.

Agora soa unha cadencia auténtica.


## Ditados

1.



# A linguagem de **ARGEN**

2.



3.



4.



Lim

1. Reconstrua a melodia do Can-can.





Reforzo/Ampliación

## CADENCIAS

C. ROTA Rem



V

VI

C. PLAGAL Si M



IV

I

C. AUTÉNTICA La b M



V

I

SemicADENCIA So c M



IV

V

## COMEZOS E FINAIS



TÉTICO

FEM / PAROXÍTONO



ACÉFALO

FEM / PAROXÍTONO



ANACRÚSICO

YRASC / OXÍTONO

## Rúbrica: avaliación

	Mal (1)	Suficiente (3)	Excelente (5)	(*)
<b>Saber establecer a estrutura dunha obra, marcando as frases.</b>	Ten dificultade para comprender a estrutura dunha obra.	Comprende a estrutura dunha obra pero non sabe como identificar as súas frases.	Identifica a estrutura dunha obra marcando as súas frases correctamente.	
<b>Saber identificar os distintos tipos de cadencias, tamén auditivamente.</b>	Non sabe identificar ningunha das cadencias.	Sabe cales son as cadencias, pero ten problemas para identificalas auditivamente.	Identifica todos os tipos de cadencias e as recoñece auditivamente.	
<b>Ler con soltura e mantendo o pulso fragmentos con puntiño e síncope dobres.</b>	Ten moitas dificultades de lectura nas claves de Sol e Fa en 4ª; non consegue manter o pulso e non sabe realizar o puntiño nin síncope dobres.	Le con soltura en clave de Sol pero ten dificultades na clave de Fa en 4ª; comprende o puntiño e síncope dobres pero non o sabe executar.	Le con soltura nas claves de Sol e Fa en 4ª, mantendo o pulso, con todas as figuracións, incluídos o puntiño e síncope dobres.	
<b>Entoar con exactitude rítmica e afinación melodías con ou sen acompañamento.</b>	Non consegue entoar melodías con ou sen acompañamento.	Consegue entoar a melodía, mellor con acompañamento, pero con pouca exactitude na afinación.	Entoa con exactitude rítmica e con boa afinación melodías con ou sen acompañamento.	
<b>Saber representar graficamente unha melodía escoitada.</b>	Non sabe reproducir por escrito unha melodía escoitada, nin o ritmo nin as notas.	Identifica o compás e deseños rítmicos pero ten dificultade para representar as alturas das notas dunha melodía escoitada.	Sabe reproducir por escrito unha melodía escoitada despois do proceso repeticións establecidos (Ditado).	
<b>Asimilar os contidos traballados na unidade</b>	Non ten asimilado ningún dos contidos traballados na unidade.	Algúns contidos os ten memorizados, pero outros fáltalle asimilalos.	Ten memorizados e asimilados todos os contidos traballados na unidade.	

UD 8: ESCRITURA MUSICAL	
OBXECTIVOS XERAIS /ESPECÍFICOS	α), b), c), d), e) f), g), h) α), b), d), e), f), g)
OBXECTIVOS ESPECÍFICOS	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Identificar as distintas abreviacións e saber executalas.</li> <li>• Identificar e saber interpretar as distintas notas de adorno.</li> <li>• Saber analizar un fragmento nos aspectos harmónicos e melódicos traballados.</li> <li>• Comezar a práctica de compases de amalgama e dispare.</li> <li>• Ler fragmentos nos compases traballados durante o curso.</li> <li>• Lembrar e executar con claridade os pasos a seguir para realizar unha boa preparación para a interpretación vocal.</li> <li>• Entoar melodías con ou sen acompañamento.</li> <li>• Reproducir graficamente melodías escoitadas.</li> </ul>
COMPETENCIASCLAVE	CCL, CM, CCIF, CCID, CAA, CSC, CAIP, CCA.
CONTIDOS	<p><b>FUNDAMENTOS TEÓRICOS</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Abreviacións.</li> <li>• Notas de adorno: trino, grupeto, apoitura e mordente.</li> </ul> <p><b>FUNDAMENTOS DO TRATAMENTO DO RITMO</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Introducción á práctica dos compases de amalgama (5/4) e dispare (5/8, 7/8)</li> <li>• Coñecemento, identificación e práctica de fórmulas rítmicas binarias e ternarias que inclúan ata a fusa e o seu silencio.</li> <li>• Práctica de lecturas rítmicas nas claves de Sol e Fa en 4ª nos compases e fórmulas rítmicas traballados.</li> </ul> <p><b>FUNDAMENTOS DO TRATAMENTO DA VOZ</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Respiración, relaxación, articulación e vocalización.</li> <li>• Interpretación vocal de melodías a unha voz en tonalidades ata 4 alteracións.</li> </ul> <p><b>AUDICIÓN</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Identificación auditiva e reprodución escrita de ditados a unha voz.</li> </ul>
CRITERIOS DE AVALIACIÓN	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Saber identificar e interpretar as distintas abreviacións</li> <li>• Identificar e interpretar correctamente as notas de adorno.</li> <li>• Ler con soltura e mantendo o pulso en fragmentos que inclúen todos os contidos do curso.</li> <li>• Entoar con exactitude rítmica e afinación melodías con/ sen acompañamento</li> <li>• Saber representar graficamente unha melodía escoitada.</li> <li>• Asimilar os contidos traballados na unidade.</li> </ul>

Para rematar o curso imos traballar conceptos que non aparecerán nas Probas de Acceso pero que son necesarios para un completo coñecemento da Linguaxe Musical. Ademais traballaremos compases que serán impresionables no Grao Profesional, pero aquí os veremos a modo de Introducción, e tampouco son parte de dita Proba. Empregaremos 6-8 sesións, dependendo do tempo que necesitemos para a preparación da Proba de Acceso.

Os apartados son os seguintes:

- ◆ **ESCRITURA MUSICAL:** *Argen* expón o que imos traballar en toda unidade a modo de introdución. É importante que o alumnado estea informado en todo momento de que pasos imos seguir e levar unha organización do traballo, o que fomenta o desenvolvemento da Competencia Clave de autonomía persoal.
- ◆ **TEORÍA:** *Argen* fai a presentación dos contidos a traballar, que neste caso será todo o relacionado coas abreviacións e notas de adorno. En cursos anteriores traballaron signos de repetición que xa son abreviacións, pero neste caso refírese a abreviacións á hora de escribir unha partitura (repetición de notas, compases en silencio, etc). As notas de adorno traballaranse no Grao Profesional con maior profundidade.
  - **A; abreviacións:** aparecen diferentes pestanas con cada unha das opcións (repetición dunha nota, de dúas notas, de fragmentos, de acordes e de silencios). Todo con partituras (con abreviacións e a súa interpretación) e os audios. É importante acompañar a explicación con máis exemplos.
    - **A; notas de adorno:** segue o mesmo esquema que o punto anterior: en cada unha das pestanas aparece unha nota de adorno, coa súa simboloxía e os seus modos de interpretación segundo as épocas (audios e partituras). Son conceptos bastante complicados de memorizar todos á vez, polo que é importante deixarlles claro que teñen esta información como referente se se atopan con estes signos nas partituras do seu instrumento.
    - **Vídeo Interactivo:** neste vídeo inclúense todas as explicacións anteriores, a modo de “explicación na clase”, o que pode facilitar a comprensión de moitos dos conceptos; ademais inclúense exercicios directamente relacionados co que acaban de escoitar, recurso que fará que o contido sexa máis asimilado.
  - **Exercicios:** *Argen* presenta o tipo de exercicios que imos realizar, tanto interactivos como empregando a libreta, xa que é necesaria á práctica da escritura musical.
    - **Verdadeiro ou falso?:** baséase en afirmacións sobre as abreviacións e as notas de adorno. Ao responder o propio exercicio explícalle dita afirmación.

- **Que aprendemos?:** exercicio de pregunta resposta con 3 opcións posibles, baseado nos mesmo contidos que o punto anterior pero en outro formato. Ao responder tamén recibirán unha explicación.
  - **Traballamos coa libreta:** neste apartado traballaremos as abreviacións coa libreta para practicar a escritura musical. Pode ser unha tarefa para comezar na clase e rematar na casa para afianzar contidos.
  - **Xogamos!:** unha vez realizados todos os exercicios chegamos a este xogo, que é en formato adiviña (enunciados e palabras a completar con algunha letra dada), con contidos de todas as unidades do curso, para traballar o mesmo pero de xeito máis lúdico. Podemos facer unha pequena competición na clase.
  - **Ficheiros adxuntos:** neste apartado hai unha análise para imprimir, xa que estamos achegándonos as datas da Proba se Acceso.
- ◆ **RITMO:** *Argen* con batuta preséntanos o traballo rítmico que imos realizar.
- **Deseños rítmicos:** explicación dos compases de amalgama e dispare, conceptos novos. Seguimos traballando a Competencia Matemática a través das fraccións e os compases.
    - **Practicamos!:** imos practicar tres secuencias, un en cada un dos compases traballados ( $5/4$ ,  $5/8$ ,  $7/8$ ), cada un deles nunha pestana. Estes fragmentos están apoiados por vídeos que permiten ao alumnado seguir a lectura mantendo o pulso e sabendo en cada momento onde se atopa. Estas secuencias poden facerse con sílabas, con palmas e o alumnado pode propoñer algunha secuencia de percusión corporal.
  - **Lectura rítmica:** tres fragmentos, un por cada compás e en cada pestana, para ler ritmicamente, apoiados por un vídeo no que *Argen* amósanos como temos que medir. Son exemplos de como teñen que ser todas as lecturas do seguinte apartado.
    - **Practicamos!:** fragmentos rítmicos cos contidos rítmicos a traballar, organizados en oito sesións con 4 ou 5 exercicios cada un. As primeiras 6 sesións, 2 para cada compás e as dúas últimas para o repaso de todo o traballado ata o momento. Este repaso pode servirnos como preparación para a Proba de Acceso. A organización está baseada na dificultade dos exercicios indo de menor a maior. Para practicalas podemos empregar unha por sesión, enviando como traballo para casa o estudo da seguinte. Empregarase o metrónomo na medida do posible.

◆ **PRÁCTICA VOCAL:** *Argen* con gafas de sol e a boca aberta (a modo de canto) preséntanos a destreza.

- **Quecendo motores:** neste apartado insistimos no visto nas anteriores unidades. Elixiremos algúns dos exemplos que xa traballamos antes de comezar a entoación.
- **Dezeños vocais:** seguimos repasando o traballado con anterioridade: as escalas maiores e menores.
- **Entoación:** neste apartado inclúense 6 melodías *a capella*, sempre formadas por unha frase de 8 compases. Son melodías sinxelas nas que buscamos que o alumnado profunde na afinación e correcta interpretación de interválicas no rexistro tonal. Todas elas van acompañadas de dous audios: un coa escala da tonalidade na que se atopa, e outro coa melodía. O proceso sería: lectura rítmica do fragmento; entoación da escala e arpexio da tonalidade; interpretación da melodía individualmente ou en grupo de 2 ou 3 e finalmente escoita do audio e interpretación conxunta da clase con el.
  - **Con acompañamento:** a interpretación con acompañamento é importante no desenvolvemento do oído e memoria musical. Son 4 partituras con dous audios; un da melodía e o acompañamento e outro só do acompañamento. O procedemento de estudo sería: lectura rítmica, interpretación conxunto co primeiro audio, e despois de forma individual ou en grupos de 2 ou 3 a interpretación co segundo audio.

◆ **PRÁCTICA AUDITIVA:** *Argen* con cascos e gafas de sol preséntanos a destreza.

- **Esquemas auditivos:** nesta última unidade imos repasar todo o traballado auditivamente durante o curso: intervalos, escalas, acordes e cadencias (cada un deles nunha nova pestana) a modo de repaso e como preparación para a Proba de Acceso Aparecen audios e as partituras para facilitar o recoñecemento. A formulación é que traballen cada un dos apartados, repetindo as veces que sexa necesario.
  - **Practicamos!:** un exercicio de completa con lista despregable onde aparecen os audios para recoñecer todos os elementos traballados.
- **Ditado:** O ditado estará presente durante todo o curso, xa que é un elemento imprescindible na práctica auditiva e forma parte do exame de Proba de Acceso ao Grao Profesional. En cada unidade hai 4 ditados en formato de audio que segue o esquema: ditado completo, escala, arpexio e acordes e a secuencia de repeticións. O alumnado debería escoitalo unha soa vez.

- **Un pouco de Historia...:** O ditado 2 é a melodía principal da obra **Pavana** de **GABRIEL FAURÉ**. Aquí incluimos información sobre a obra (con enlaces a vídeos de YouTube onde escoitaremos a obra interpretada por unha orquestra) e o compositor (con enlaces á Wikipedia, para completar información).

Pavana, Fauré, Berliner Philharmoniker

<https://www.youtube.com/watch?v=HhiVuIRw4tM>

Pavana con coro, Fauré, Orquestra Filhamónica Requena

<https://www.youtube.com/watch?v=ZuM6tFwYaoI>

Pavana para una infanta difunta, Ravel Sinfónica de Galicia

<https://www.youtube.com/watch?v=QpLWi9gTbXY>

Gabriel Fauré

[https://es.wikipedia.org/wiki/Gabriel\\_Faur%C3%A9](https://es.wikipedia.org/wiki/Gabriel_Faur%C3%A9)

Maurice Ravel

[https://es.wikipedia.org/wiki/Maurice\\_Ravel](https://es.wikipedia.org/wiki/Maurice_Ravel)

Con este apartado preténdese introducir ao alumnado no coñecemento da Historia da Música, así como fomentar a escoita de obras clásicas, moi descoñecidas na franxa de idade que nos ocupa. Ademais introducir unha paréntese destas características nas clases pode motivar ao alumnado de forma moi positiva.

- ◆ **REFORZO/AMPLIACIÓN:** hai dous apartados que empregaremos para repasar e preparar os contidos da Proba de Acceso; no primeiro exercicios de escalas, intervalos e acordes que se poden copiar na libreta ou pinchando na foto teremos o PDF para imprimilo; no segundo, unha análise co mesmo sistema para imprimir (intervalos, escalas, acordes, notas estrañas, forma, cadencias, tipo de comezo e final).
  - **Xogamos!:** con dous apartados: no primeiro un libro interactivo LIM, con actividades máis lúdicas sobre os contidos da unidade como unha sopa de letras ou un quebracabezas, entre outras; e no segundo o gran Rosco Final, en onde están incluídos todos os contidos do curso. Podemos facer unha pequena competición en grupos.

- ◆ **DOCUMENTACIÓN**: neste apartado inclúense documentos de uso para o docente ou a familia (Referencia dos contidos multimedia, Documento técnico en galego e en castelán, Manual de uso e a presente Guía Didáctica).



## Solucionario

### Verdadeiro ou Falso

1. Este signo se emprega para a repetición de notas. **Falso**
2. O mordente pode ser dunha nota ou de dúas. **Verdadeiro**
3. As notas de adorno son as notas que non pertencen ao acorde. **Falso**
4. Esta signo fai referencia ao mordente dunha nota. **Falso**
5. Os puntos debaixo das notas e as liñas cruzando á plica, empréganse para non escribir unha mesma nota repetida. **Verdadeiro**
6. Este signo indícanos un trino. **Falso**
7. A apoiatura só pode ser unha nota de adorno. **Falso**
8. Se temos acordes repetidos, podemos abreviar a súa escritura, deixando só as plicas das figuras. **Verdadeiro**

### Que aprendemos?


1. Como o interpretamos?



2. Como interpretamos estas abreviacións?



3. Que signo empregariamos para abreviar unha parte dun compás que se repite?



4. Cal sería o signo correcto?



5. Como interpretamos esta abreviación?



Experimentando coas abreviacións

1.

2.

Escoitamos

É unha cadencia plagal.

O que agora soa é un acorde Perfecto menor.

Neste podemos escoitar un intervalo de 4ª Xusta

É unha cadencia auténtica.



Estamos escoitando un acorde de 5ª Aumentada.

Agora soa unha escala menor melódica.

E agora soa unha escala maior.



Está soando un intervalo de 6ª menor.

Ditados

1.  

2.  

3.  

4.  

Reforzo/ Ampliación

1. Escribe as armaduras e forma as escalas:

Re menor melódica      Si Maior Mixolidia

Fa# menor harmónica      Solb Maior Mixta Principal

The image shows four musical staves in treble clef. The first staff contains two scales: 'Re menor melódica' (D minor melodic) and 'Si Maior Mixolidia' (B major Mixolydian). The second staff contains two scales: 'Fa# menor harmónica' (F# minor harmonic) and 'Solb Maior Mixta Principal' (Gb major Mixolydian). Each scale is written with its corresponding key signature and notes.

2. Analiza ou forma os seguintes intervalos:

The image shows two musical staves with intervals between notes. Handwritten labels in blue identify the intervals: 2º m, 3ª M↓, 5ª A, 4ª X↓, 4ª X, 6ª M↑, 5ª A, 5ª D↑ on the first staff; and 3ª m, 3ª m↓, 4ª A, 4ª A↑, 6ª m, 2ª M↓, 4ª D, 5ª A↑ on the second staff.

3. Analiza ou forma os seguintes acordes:

The image shows two musical staves with chords. Handwritten labels in blue identify the chords: 7M, PM, PM, Pm, 7ºD, 5ª A, Pm, 5ª D on the first staff; 5ª D, PM, 5ª A, Pm, Pm, 5ª A, Pm, 5ª D on the second staff.



Lim

*1. Unha sopiña de letras*

Nota que pode ser de adorno ou estraña **Apoiatura**

Nota de adorno cun signo que parece un S **Grupeto**

Nome do compositor que escribiu a Pavana **Fauré**

Compás: suma de dous compases **Amalgama**

Signo para reducir a escritura musical **Abreviación**

Nota de adorno co signo tr **Trino**

Compases sen igual contido rítmico **Dispares**

*2. Un quebracabezas: A melodía da Pavana*



## Rúbrica: avaliación

	Mal (1)	Suficiente (3)	Excelente (5)	(*)
<b>Saber identificar e interpretar as distintas abreviacións.</b>	Ten dificultades con todas as abreviacións traballadas, tanto na identificación como no seu uso.	Identifica as distintas abreviacións pero non te moi claro o seu uso.	Identifica todas as abreviacións e sabe empregalas.	
<b>Identificar e interpretar correctamente as notas de adorno.</b>	Non sabe identificar as distintas notas de adorno nin tampouco sabe executalas.	Identifica as notas de adorno pero non te moi clara a súa interpretación.	Identifica e sabe interpretar as distintas notas de adorno.	
<b>Ler con soltura e mantendo o pulso en fragmentos que inclúen todos os contidos do curso.</b>	Ten moitas dificultades de lectura nas claves de Sol e Fa en 4ª; non consegue manter o pulso.	Le con soltura en clave de Sol pero ten dificultades na clave de Fa en 4ª.	Le con soltura nas claves de Sol e Fa en 4ª, mantendo o pulso.	
<b>Entoar con exactitude rítmica e afinación melodías con ou sen acompañamento.</b>	Non consegue entoar melodías con ou sen acompañamento.	Consegue entoar a melodía, mellor con acompañamento, pero con pouca exactitude na afinación.	Entoa con exactitude rítmica e con boa afinación melodías con ou sen acompañamento.	
<b>Saber representar graficamente unha melodía escoitada.</b>	Non sabe reproducir por escrito unha melodía escoitada, nin o ritmo nin as notas.	Identifica o compás e deseños rítmicos pero ten dificultade para representar as alturas das notas dunha melodía escoitada.	Sabe reproducir por escrito unha melodía escoitada despois do proceso repeticións establecidos (Ditado).	
<b>Asimilar os contidos traballados na unidade</b>	Non ten asimilado ningún dos contidos traballados na unidade.	Alguns contidos os ten memorizados, pero outros fáltalle asimilalos.	Ten memorizados e asimilados todos os contidos traballados na unidade.	